

The background of the slide features a collage of classical European art. At the top, there's a section of a building facade with columns and a pediment containing a relief sculpture. Below this, on the right, is a statue of a standing figure in classical robes. The bottom half of the slide is dominated by a large, detailed relief sculpture depicting a dramatic scene with multiple figures, including a central figure on horseback and others in various poses of action and emotion.

7. A Europa do Renascimento

Para comezar

- Pensa en películas ou series estadounidenses que teñas visto. Algunha vez te preguntaches por que falan en inglés tan lonxe de Inglaterra? E daquela... como é que hai topónimos en español como San Francisco, Los Ángeles, Florida, El Paso, La Guardia...?
- Escoitaches algunha vez falar de protestantes? Ademais de a xente rosmona, a que cres que poder facer referencia este termo?
- O curso pasado estudaches que ao longo da Idade Media existiron diversos reinos na península ibérica. Saberías dicir que foi deles ao longo da época moderna?
- Seguro que sabes quen descubriu América. Que poderías contar deste acontecemento? Entón, por que se chama así o continente e non Colombia, por exemplo?
- Que ideas tes dos pobos que habitaban América antes da chegada da poboación europea? Cres que pervive algo deles hoxe en día?
- Imaxina que en lugar de vivir no século XXI vives na Galiza de 1500 e pico. Como sería un día da túa vida?

O paso á modernidade

Dúas datas adoitan sinalarse como inicio da Idade Moderna: 1453, coa caída de Constantinopla en mans turcas; e 1492, coa descuberta de América. A partir de aquí, unha serie de valores van sendo modificados, facendo que o ser humano coñeza unha evolución no pensamento que mude a visión transcendental medieval pola dun ser

humano moderno quen de pensar por si mesmo. O motor deste cambio é múltiple (económico, cultural etc.) pero ao tempo non xorde da nada, senón que afonda as súas raíces no medievo: vaise xestando dende a Idade Media e non culmina ata o absolutismo monárquico.

No século XIII ningunha civilización coñecía máis dun terzo do planeta e, ao pouco, ábrese un contexto de expansión europea que Pierre Chaunu denominou a “explosión planetaria da cristiandade latina”. Este proceso que comezara xa coas cruzadas (1099-1291), coa expansión por Asia Central, coa chegada ás Canarias (1312) ou cos comezos da navegación de cabotaxe en África dende 1346 tivo un momento álxido coa chegada dos casteláns a América.

Estes procesos, as xentes que os fixeron posibles e o seu mundo será o que traballaremos nesta unidade.

O noso proxecto



O noso proxecto

Dun tempo a esta parte estamos en contacto constante con novas sobre a COVID-19, a súa transmisión e a súa orixe. Por ser unha enfermidade nova, as científicas e os científicos aínda teñen moito traballo que facer para poder obter información certa sobre todo o que a rodea. Porén, si que se ten artellado coñecemento científico firme e hai cousas que xa se van tendo claras. Unha delas é a súa orixe chinesa, dende onde se espallou a nivel mundial moi rapidamente debido ás interconexións xerais do mundo globalizado no que habitamos.

Nesta unidade, estudaremos un momento no que comeza a ampliarse o mundo coñecido e as relacións e contactos comezan a xeralizarse. Paseniño, doutro xeito, mais xa imparables.

©Victoria & Albert Museum, London



Tempo e morte. Caterina De Julianis (Antes de 1727)

De seguro que o curso pasado xa estudaches a epidemia de peste bubónica que, no século XIV, se expandiu dende o Extremo Oriente ata Europa a través dos parasitos das ratas que viaxaban nos barcos das expedicións comerciais. Tivo tal impacto que pasou á Historia como *Peste Negra*. Xa que logo, parece factible que nun continente illado dos demais como era o caso da América daquel momento, o contacto entre os dous mundos tivese o seu impacto, tamén, coas enfermidades.

Do mesmo xeito que aconteceu na pandemia da COVID, arredor das enfermidades e epidemias do século XVI tamén se especulou con diversas teorías sobre as súas orixes, resultados e intencionalidade. Cómpre, xa que logo, unha análise sesuda que permita eliminar a palla do gran e chegar a conclusións veraces baseadas en feitos e datos científicos.

Imos investigar un pouco sobre este tema e organizaremos os resultados das nosas pescudas nunha infografía que poidamos engadir á nosa revista.

Epidemias do pasado

Existen diversas teorías sobre se a sífilis foi unha enfermidade orixinaria de América que chegou a Europa a raíz da conquista, mais hai outras das que se ten por seguro que fixeron a viaxe inversa nos barcos conquistadores. Estaríamos a falar da varíola, a gripe, o sarampelo ou a varicela.

Actividade 1. Investigación

Organizádevos por grupos de investigación: cada un encargárase dunha enfermidade. Nunha primeira fase de recollida de datos recompilade información sobre:

- Orixes e xeito de transmisión.
- Sintomatoloxía.
- Posibles remedios.
- Consecuencias da súa expansión no novo continente.
- Existen lendas ou teorías sobre ela.

Actividade 2. Infografía

Lembra!

Unha infografía consiste en presentar información complexa dun xeito simplificado e sintético, polo que a información que recollades debe ser exposta nun formato breve, conciso.

- Para isto é moi importante que teñades claro que é principal e que é secundario.
- Sempre é interesante engadir táboas, gráficos ou imaxes que ilustren as vosas conclusións. Xa se sabe: unha imaxe vale máis que mil palabras.

Podes avaliar o teu traballo e o do teu equipo con esta rúbrica de autoavaliación e coavaliación.

A Europa do Renacemento

A Idade Moderna é o período histórico que abrangue entre a Idade Media e a Contemporánea. Porén, Europa non se deita un día no medievo e se ergue na modernidade, senón que o mundo moderno vén xermolando dende a baixa Idade Media. Como non hai unha data exacta na que fixar o cambio, a Historiografía ten escollido feitos chave para establecer a cronoloxía da etapa que comeza: a desaparición do Imperio Bizantino en 1453 (que remata coa Revolución Francesa, en 1789) ou a chegada de Colón a América en 1492.

Dentro desta etapa, adóitanse establecer distintos períodos: Renacemento (S.XVI), Barroco (S. XVII) e Absolutismo (S.XVIII).

As viaxes de exploración

No século XIII ningunha civilización coñecía máis dun terzo do planeta pero, ao pouco, comezou a expansión europea que Pierre Chaunu denominou a “explosión planetaria da cristiandade latina”. O Mediterráneo, o Próximo Oriente e mesmo as rutas comerciais ata a India e China eran coñecidas dende antigo, pero os **descubrimentos xeográficos** agrandaron o mundo cara ao Atlántico primeiro, e cara ao Pacífico despois.

As causas destas viaxes foron varias:

Económicas

Xa dende a antigüidade moitos dos produtos máis luxosos proviñan do Extremo Oriente: especias, perfumes, sedas, porcelanas... O control de Constantinopla polos pobos turcos e o dominio veneciano do Mediterráneo fan necesaria a apertura de **novos camiños** para o comercio.

Innovacións técnicas


Estas novas rutas non serían posibles sen avances científicos e técnicos como os **portolanos**, o **compás**, o **astrolabio**, o **sextante**... Algúns deles, coñecíanse dende antigo e perfeccionáronse neste momento. Outros, son propios desa época. É o caso da **carabela**, xa usada por galegos, portugueses e cántabros por ser máis axeitada para o Atlántico. Esta embarcación tiña capacidade para transportar mariñeiros, mercadorías e provisións. A vela cadrada e o temón de codaste achegáronlle velocidade e mellor capacidade de manobra.

Nesta [ligazón](#) podes ver un astrolabio do século XVI ou XVII atopado nunha fragata afundida en Viveiro.

Mentalidades

A nova mentalidade do Renacemento ansiaba **coñecemento e aventura**. Nisto incide, por exemplo, a difusión do *Imago Mundi*, un tratado de xeografía composto por varios libros e escrito polo teólogo Pierre d'Ailly a comezos do século XV. Baseándose en datos de Aristóteles, Ptolomeo, Averroes, Roger Bacon e outros, achegou medidas aproximadas da Terra e dou a entender que era redonda.

Se tes curiosidade por ver como era un libro de Xeografía no século XV bótalle un ollo a unha [copia dixitalizada](#) pola Biblioteca Nacional de Francia.




Mapa da Terra feito por Pierre D'Ailly no seu *Imago Mundi*.

Políticas


Unha vez rematada a **expansión** dos reinos cristiáns sobre Al-Ándalus que estudaches o curso pasado, os reinos de Castela, Aragón e Portugal viron con bos ollos seguir ampliando os seus territorios alén da península ibérica.

Relixiosas

Logo da vitoria castelá sobre o Reino de Granada, os e as monarcas peninsulares creron necesario seguir **expandindo a relixión cristiá** máis aló das súas fronteiras. Por isto tiveron moito interese en evanxelizaren aos que consideraban infieis.



1. A vela latina facilita as manobras.
2. A vela cadrada achega velocidade.
3. As bodegas tiñan amplos espazos para mercadorías e víveres.
4. Os tres mástiles facían navegar máis rápido, mesmo con ventos pouco favorables.
5. Temón.
6. Trinquete.



Sextante e astrolabio

Os avances na navegación de Portugal

Portugal liderou as expedicións á costa atlántica de África dende comezos do século XV grazas á influencia do **infante Henrique**, o Navegante. Baixo o seu padroado partiron expedicións que chegaron a **Madeira** (1419-20), ás **Azores** (1427) e pasaron o cabo Boxador e cabo Verde para chegar á actual Serra Leoa.

Moi importante para estes navegantes era o **coñecemento da volta do mar**. Grazas a esta manobra, os barcos esquivaban a calma do centro do Atlántico e, aínda que sone contradictorio, navegaban cara ao Oeste para aproveitar as correntes que os devolvían a Portugal.

Créditos: [Redgeographics \(Wikipedia\)](#)




Volta do mar ou volta da mina.

Mediante a navegación de cabotaxe, Portugal foi bordeando a costa africana ata que **Bartolomeu Dias** alcanzou o cabo de **Boa Esperanza** (1487) e continuaron cara ao leste. **Vasco da Gama** chegou ao que hoxe é a India en 1498, onde o pobo portugués fundou Goa. Esta cidade serviría de base para outras expedicións a Oriente onde controlaron diversos enclaves como Macau, Malaca ou Timor Leste.

Castela entra en acción

A Castela tamén lle interesaban as viaxes de expedición. Con Aragón centrado no Mediterráneo e Portugal controlando as rutas atlánticas cara ao leste, a Castela non lle quedaba moito máis que mirar cara ao oeste. Este reparto do Atlántico entre Portugal e Castela plasmouse no Tratado de Alcaçovas (1479), polo que Portugal cedía a Castela a conquista de Canarias.

Neste contexto xorde a figura de **Cristovo Colón**, incerta e misteriosa. Semella que tiña coñecemento das cartas de Toscanelli, un xeógrafo florentino a quen a coroa portuguesa lle pide que analice as posibilidades de chegar á terra das especias dende o oeste. Polas súas contas, Xapón quedaría á altura da Cuba, aproximadamente.



Océano Atlántico segundo Toscanelli, 1474.


Colón presentou o seu proxecto ao rei de Portugal, Xoán II, pero non o convenceu. Tras moitas dúbidas, a raíña de Castela, Isabel a Católica, acabou por financiarlle a viaxe. Para deixar o acordo ben claro, asinaron as Capitulacións de Santa Fe: Colón recibiu os títulos de Almirante da Mar Océana e Vicerrei de Terra Firme, a décima parte das terras descubertas e a oitava do comercio.

Nesta ligazón podes ver o [documento das capitulacións](#) custodiado no Arquivo da Coroa de Aragón.

Para a viaxe prepararon **tres naves**: Pinta, Niña e Santa María. Saíron de Palos en agosto e tocaron terra en Guanahaní (hoxe Watling, Bahamas) o 12 de outubro de 1492. Colón chamou a esta illa San Salvador. O malestar da tripulación logo de tantas semanas en alta mar era palpable. Os textos da época contan que a Santa María afundiou en noiteboa na Española, e cos seus restos a tripulación armou o forte *Navidad*. Alí quedaron uns cantos homes dos que nunca máis se soubo.


O **primeiro porto** no que se coñeceu a nova foi **Baiona**, onde chegou a Pinta a comezos de 1493. Colón arribou en Lisboa a bordo da Niña días despois. Aínda volvería a América noutras tres ocasións antes de morrer en 1506 sen ser consciente de que non chegara a Asia.

Ás novas terras chamáronlle América en honra do mariño Américo Vespucio, xa que se considera que foi o primeiro en decatarse de que se trataba dun novo continente.



Mapa coas rutas das catro viaxes de Colón.


A cobiza dos recursos americanos e as ansias polo control das novas terras fixeron xermolar **tensións entre Castela e Portugal**. O Papa adxudicara o dereito a conquista aos Reis Católicos a través de diversas bulas pero para organizar a partilla, Portugal e Castela asinaron o **Tratado de Tordesillas** (1494). Nel fixaban as súas áreas de influencia a partir dun meridiano a 370 leguas de Cabo Verde: del cara o leste, para Portugal; cara ao Oeste, para Castela. No século XVI asinarían o Tratado de Zaragoza para repartir as áreas de influencia en Asia.



Liñas polas que Castela e Portugal repartiron os dereitos de conquista.

O coñecemento do Novo Mundo axiña despertou as ansias doutros mariños e exploradores aos que os Reis Católicos concederon “licencias para descubrir”. Abrírase a veda. **Núñez de Balboa** chegou ao mar do Sur, o que hoxe chamamos océano Pacífico, en 1513, mentres **Ponce de León** exploraba Florida. A definitiva confirmación de que a Terra era redonda chegou pouco despois, entre 1519 e 1522, cando Magalhães comezou a primeira circunnavegación á Terra que finalizou Elcano.

Créditos: [Sémhur](#) e [Armando-Martin](#) (Wikipedia)



As viaxes, exploracións e descubertas continuaron ao longo da época moderna levando ao liderado novas potencias navais como Inglaterra ou Holanda.

Non era moi habitual na época que as mulleres saísen en expedicións. Por iso queremos destacar especialmente a figura de **Catalina de Erauso**, máis coñecida como a Monxa Alférez. En pleno Século de Ouro, esta monxa, militar e escritora pasou grande parte da súa vida disfrazada de home para non ser descuberta. Viaxou por Sudamérica e recibiu recoñecementos militares e pensión polos seus servizos á Coroa.



Catalina de Erauso e as súas viaxes por Sudamérica.



Sabías que...?

Un dos primeiros europeos en chegar á costa do que hoxe é Alasca era galego. Foi o cormelán Francisco Antonio Mourelle de la Rúa. Este piloto non só dirixiu algunhas das viaxes de exploración en busca do paso noroeste do Pacífico, senón que deixou recollida toda esta información en detallados cadernos de bitácora e mapas. De feito, unha illa da Columbia británica leva o seu nome: Maurelle Island.

Tempo despois foi destinado a Manila, nas Filipinas. Alí encomendáronlle a misión de volver ás costas americanas fóra das rutas do *Galeón de Indias*. Así, continuou explorando os mares e descubriu algunhas das illas do que hoxe é o arquipélago de Tonga.

As súas anotacións, tanto das expedicións en América do Norte como no Pacífico Sur, foron aproveitadas por coñecidos mariños como o británico [James Cook](#) (quen en varias das súas viaxes foi seguindo paso a paso o camiño que Mourelle deixara sinalado nos seus cadernos) ou o francés La Pérouse.

Nesta ligazón podes consultar as [cartas náuticas](#) das expedicións de Mourelle.

Outras terras. Outros estados

En América existían realidades culturais e políticas antigas, complexas e moi diversas. Imos coñecer algunhas.

Civilización maia

Habitaban dende a península do Iucatán ata o que hoxe son Belice, Honduras, O Salvador e Guatemala dende o século XX a.C ata o XVI d.C. Non chegaron a constituír un estado como tal, senón que as súas cidades viviron momentos de auxe e decadencia, relacións de rivalidade, de alianza...

Había **un gobernante** ao que chamaban rei, señor ou “home verdadeiro”. Algúns dos máis poderosos rodeáronse de importantes cortes. Canto maior era o parentesco co

gobernante, maior prestixio na sociedade. Porén, a **maioría da poboación era campesiña** e, aínda que existían chanzos intermedios (persoas que se dedicaban á artesanía, comerciantes e guerreiros), o ascenso social era moi limitado. O papel e status da muller viuse fortemente mingrado tras a colonización.

Os maias vivían da agricultura. Para iso desenvolveron un sistema de **socalcos ou bancais**, co que evitar a escorrentía das chuvias tropicais. Nel cultivaban millo, feixóns, chiles, cabazas, cacao, aguacate... Ademais, sabemos que tiñan un **importante comercio** pola aparición de materiais traídos de lonxe, como por exemplo a obsidiana.

No seu complexo sistema de crenzas **o rei era o intermediario cos deuses**. Tamén destacaron en Matemáticas e Astronomía, o que lles permitiu desenvolver o seu famoso calendario.



Gravados maias en Tikal, actual Guatemala.



Anel de pedra para o xogo de pelota. Iucatán.

Civilización mexicana

Foron o grupo principal dentro do que se coñece como **cultura azteca**. Como a meirande parte dos pobos, buscaron para si unha orixe mítica e lendaria segundo a cal o **deus Huitzilopochtli** os guiou dende o noroeste de México a comezos do século XIV cara a terras de control maia. Por esta nova situación de poder eran vistos como unha especie de “novos ricos” por outros grupos.

Todo o poder civil, militar e relixioso concentrábase en mans do **rei**, o **Tlatoani**. El máis a súa familia situábanse no cumio dunha pirámide social dividida en dous grupos esenciais. Na parte alta, un reducido número de **nobres**. Na baixa, a maioría da poboación: **campesiñado e artesáns e artesás**, organizada en grupos familiares amplos, os *calpulli*.

O papel da muller na civilización mexicana tamén empeorou coa chegada europea. Se antes non tiñan acceso ao exército e só a algúns cargos, a conquista pechounas aínda máis na “casa”.

A **economía** era maioritariamente **agraria**. Importantes foron as súas obras

hidráulicas, tanto para o rego como para as *chinampas*, unha especie de illas artificiais polas que ampliaban os terreos de cultivo ás lagoas. Tamén era relevante o comercio.

As **crenzas** mexicas eran complexas, cun amplo panteón no que cada vez gañou máis peso **Quetzalcóatl**. Os sacerdotes lideraban as ofrendas e sacrificios seguindo o calendario azteca.

A **capital** do seu imperio foi **Tenochtitlán**, unha complexa estrutura urbana que se calcula que chegou a superar a cifra de 150 000 habitantes. Dende alí controlábanse centos de cidades do val de México ás que lle cobraban tributos.



Cidade de Teotihuacán, México.



Restos arqueolóxicos de Tenochtitlán, en Cidade de México.

Civilización inca

O mundo inca desenvolveuse ao longo da **área andina**. Dende o Titicaca foise estendendo no século XV, segundo as súas lendas, grazas ao **deus Viracocha**. Como vemos, a cultura incaica foi máis breve que as mesoamericanas que acabamos de coñecer, pero non por isto menos interesante.

Cuzco, o “embigo do mundo”, era a **capital** do territorio ao que chamaban Tahuantinsuyo. Para organizalo contaban cun sistema de comunicacións pensado como unha carreira de relevos: os *chasquis* corrían coas mensaxes relevándose de posta en posta (*tambos*).

A estrutura social era moi xerarquizada. O **Inca**, polo seu carácter divino, estaba por enriba de todas as elites que obtiñan os seus privilexios (poligamia, exención tributaria, ritos funerarios con grande boato...) por seren membros da familia do Inca ou en pago por servizos, éxitos militares... Dentro da nobreza chamaban a atención as “virxes do Sol”, mulleres nobres escollidas pola súa beleza para seren educadas dun xeito especial. Algunhas serían concubinas do Inca; a outras concertaríanlles matrimonios con membros destacados da sociedade. As elites relixiosas tamén

estaban xerarquizadas.



Sabías que...?

A cidade inca de Machu Picchu foi unha das residencias de descanso do primeiro emperador inca, ademais de santuario relixioso. Permaneceu descoñecida ata comezos do S. XX. A pesar de que o cusqueño Agustín Lizárraga chegara ata ela en 1902, foi o investigador estadounidense Hiram Bingham quen levou o mérito da súa descuberta en 1911. A partir de entón, trasladou para a Universidade de Yale centos de pezas arqueolóxicas de gran valor para ser estudadas. O goberno peruano intenta dende hai anos que lle sexa devolto parte do material expoliado que aínda se atopa en EEUU.



Machu Picchu (*Montaña Vella*), coa montaña Huayna Picchu (*Montaña Nova*) ao fondo.

Na parte baixa da pirámide estaba o **groso da poboación**. Soportaban o traballo e os tributos baixo supervisión de funcionarios. Para isto foi moi importante a **mita**: orixinariamente era un sistema de axuda mutua familiar que rematou por converterse nun servizo obrigatorio que prestaban individuos ou familias enteiras para traballos específicos (cultivo de coca, obras públicas...) ou para colonizar novas terras.

A base da súa **economía** era a **agricultura** que, loxicamente, era moi variada en función da altitude. Nas áreas altas cultivaban millo, pataca, quinoa, ou cabaza; nas terras máis baixas, producían iuca, maní ou algodón. Para adaptarse á altitude desenvolveron un sistema de socalcos e, para combater o **soroche** ou mal de altura, mastigaban folla de coca. Tamén foi importante a gandaría, sobre todo de camélidos como llamas, alpacas ou vicuñas. Grazas a elas e ao guano obtiñan abonos.

Nas súas **crenzas**, os elementos da natureza tiñan vida propia e carácter divino. Salientan **o Inti (Sol) ou a Pachamama (Terra)**. Tamén era moi importante o culto aos devanceiros. De feito, un dos privilexios das elites era a súa momificación. As momias (sobre todo a *panaca*, da familia real) eran moi coidadas, consultadas como oráculo e mesmo veneradas e sacadas aos campos para pedir pola chuvia, como se se tratase dunha procesión.



Restos arqueolóxicos na cidade de orixe inca de



Sabías que...?

No lago Titicaca, no medio de Perú e Bolivia, existe unha comunidade que se instalou sobre as augas para fuxir dos incas.

O pobo uro é unha cultura preincaica que aínda hoxe habita na área do lago Titicaca, fronte á baía de Puno. Das augas obteñen a totora e con este xunco constrúen as illas, as vivendas, as embarcacións... Mesmo a aproveitan como alimento e como remedio. Gardan linguas e tradicións de séculos e, en moitos aspectos, manteñen o seu xeito de vida tradicional: cazan, pescan, realizan produtos artesáns... Aínda que hai elementos da súa cultura en risco de desaparición (así lle ocorreu a algunhas das súas linguas) ou de perecer a mans do turismo, son unha comunidade viva e adaptada ao medio. [Velaquí](#) podes ler algo máis sobre eles.

A chegada da conquista. Consecuencias

Sobre todas estas culturas e outras interviñeron os estados conquistadores ao longo de varias etapas:

1492- 1519

Ocupan as Antillas, dende as que partirán distintas expedicións cara a Florida, a desembocadura do Río da Prata e a de Balboa cara ao Pacífico.

1519- 40

Dominio sobre os grandes imperios mexica e inca. Expedicións cara a California e Chile.

1541- 60

Conquista das áreas interiores e exploracións fluviais polo Mississippi e o Río da Prata.

O resto de estados europeos axiña se interesaron polo Novo Mundo: Portugal controlou Brasil dende a década dos 70 grazas ás vagas de bandeirantes; Gran Bretaña fundou Jamestown en 1607 e Holanda dominou a Guaina dende 1636.

Se nos fixamos, foi un proceso rápido: en apenas 70 anos a coroa castelá controlou o groso do continente. As expedicións eran levadas a cabo por particulares seguindo un modelo semellante ao dos reinos cristiáns sobre Al-Ándalus que xa estudaches. Así, baseouse nas **capitulacións** e nas **encomendas**.

As capitulacións eran contratos polos que a coroa autorizaba a un adiantado a formar e financiar unha expedición para conquistar un territorio determinado. Alí organizaba a encomenda, un sistema de explotación polo que o colono recibía terras e ás persoas que as habitaban para que as traballasen.



UN FRAGMENTO DE HISTORIA

Contra este sistema case escravista rebelouse Frei Bartolomé de las Casas. De las Casas deu exemplo renunciando á encomenda que lle concederan e esforzouse por mellorar o estatus legal dos pobos conquistados.



Moi poderosos e soberanos señores: o bispo que foi de Chiapas bica a vosa alteza as mans e suplico teña por ben con atención oír como hai moitos anos que ando nesta real corte e ante este Real Consello das Indias, negociando e procurando o remedio das xentes e naturais das que chamamos Indias, e que cesen os estragos e matanzas que neles se fan contra toda razón e xustiza. E posto que a vontade dos reis foi proveelos de Xustiza e conservalos nela e non consentir que lles fosen feitos danos e agravios e así o amosaron polas súas moitas leis, pero chegadas alí non se cumpriron porque uns e outros sempre enganaron os reis. Dúas especias de tiranía coa que asolaron aquelas tan innumerables repúblicas:

A unha, na nosa primeira entrada, que chamaron conquista. A outra foi e é a tiránica gobernación á que puxeron con nomes de repartimento ou encomendas pola cal aos reis naturais violentamente, contra toda razón e xustiza, despoxamos os señores e súbditos da súa liberdade e das vidas.

Traducido e adaptado do memorial de Frei Bartolomé de Las Casas ao Consello de Indias, 1562-1563.



Hernán Cortés en México e a de **Francisco Pizarro** en Perú.

Como xa vimos, os mexicas aumentaban o control sobre as zonas veciñas. Estas tensións internas fixeron que pobos como os Tlaxcaltecas se aliasen coa conquista. Grazas a esta alianza fixeron prisioneiro o emperador Moctezuma. Ao coñecer o seu asasinato, os aztecas atacaron e Cortés fuxiu perdendo a metade dos seus homes no que se coñece como “a noite triste”. Tras diversos avatares, dominou o Imperio azteca logo da vitoria de Otumba (1521).



UN FRAGMENTO DE HISTORIA

A visión que da conquista se tivo durante séculos comezou recentemente a mudar. Parte dese cambio veu da man de voces como a do escritor uruguaio Eduardo Galeano, que denunciou dende finais da década de 1980 as consecuencias negativas da colonización, entre elas a violencia e escravitude, a perda de identidade e a práctica desaparición das linguas mixteca, guaraní e quechua.



Cara a conquista de Tenochtitlán

[...] Pouco falta para que termine o ano. Non ben asome o sol, Cortés dará a orde de partir. As súas tropas, pulverizadas polos aztecas, reconstruíronse en poucos meses, ao amparo dos indios aliados de Tlaxcala, Huexotzingo e Texcoco. Un exército de cincuenta mil nativos obedece as súas ordes e novos soldados viñeron dende España, Santo Domingo e Cuba, ben provistos de cabalos, arcabuces, ballestas e canóns. Para pelexar pola auga, cando chegue á lagoa, Cortés disporá de velas, ferros e mástiles para armar trece bergantíns. Os de Huexotzingo poñerán a madeira.

Coas primeiras luces, asoma ao lonxe a serra de volcáns. Máis aló, brotada das augas perigosas, agarda, desafiante, Tenochtitlán.

Traducido e adaptado de GALEANO, E. (2007), Memoria del fuego. 1 Los nacimientos. Madrid, Siglo XXI



A **exploración e conquista de Perú** arrincou dende Panamá. De alí saíron **Diego de Almagro e Francisco Pizarro** que aproveitaron a guerra entre o Inca Atahualpa e seu irmán Huáscar para dominar o territorio do Tahuantinsuyu. Logo de deter e axustizar a Atahualpa en Cajamarca, Pizarro tomou Cuzco en 1533.

Nese mesmo ano, Almagro comezou a penetración cara ao que ha de ser Chile, conquistado finalmente por Pedro de Valdivia.

As consecuencias da conquista foron:

- **Demográficas.** Descendeu a poboación nativa por enfermidades, batallas, condicións de traballo...
- **Políticas.** Desapareceron os imperios e cidades-estado existentes en favor da nova organización colonial.
- **Económicas.** Impúxose o modelo de explotación europeo que incluía a escravitude en moitos casos.
- **Sociais.** Apareceron novos modelos de xerarquización nos que as elites eran peninsulares. Nos chanzos inferiores da pirámide estarían a poboación

mestiza, a orixinaria e a negra, levada como man de obra escrava dende África. A violación de mulleres dos estratos sociais máis baixos foi moi habitual.

- **Culturais:** Impuxéronse a relixión, linguas e culturas europeas. Porén, algunhas veces mantivéronse tradicións e linguas (quichua, aimará...); noutras ocasións deuse un sincretismo que mesturou e adaptou elementos culturais de ambos mundos.



Imaxe do Códice Florentino no que se recollen os efectos da viruela sobre a poboación americana.

A organización da colonia imitou á castelá. Así, igual que o Consello de Castela controlaba o goberno da coroa, o **Consello de Indias** encargouse de todo o que tiña que ver cos asuntos americanos.

O territorio dividiuse, inicialmente, en dous grandes vicerreinados: o da Nova España (abranguía máis ou menos o que hoxe é México) e o do Perú. Á súa fronte estaba o vicerrei, que era o representante directo da coroa naquelas terras. Para facer máis operativa a xestión, os vicerreinados dividíronse en gobernacións (provincias) e cabidos que correspondían coa administración municipal. Da xustiza encargáronse as audiencias.



UN FRAGMENTO DE HISTORIA

A imposición da relixión cristiá e da lingua castelá foron os piares da conquista detrás dos que se agochaba a codicia pola explotación desas novas terras, tan ricas.



Bula para a construción da catedral de Cuzco
Existindo entre as rexións descubertas ultimamente
baixo os auspicios do sempre augusto emperador dos
romanos, o noso moi amado fillo Carlos, que é á vez rei
de Castela, León e Aragón, unha rexión chamada do
Perú (...) na cal moran moitos indios cristiáns; e
desexando o mesmo Carlos (...) que os seus habitantes
sexan conducidos á luz da verdade e se propague a
salvación das almas; e desexando ademais que na vila
do Cuzco, (...) en que xa existe unha igrexa baixo o título
de Santa María, sexa elevada ao rango (...) Catedral.
Concédoo en Roma a 13 de febreiro de 1536.

Traducido e adaptado de Paulo III: Bula de la erección de
Iglesia Catedral y de la Diócesis del Cuzco



Aínda que os Reis Católicos se comprometeran á evanxelización, o certo é que o principal obxectivo sobre América foi a explotación económica:

- a. **Minaría.** O ouro e a prata foron os grandes intereses dos conquistadores. Minas importantes foron as de Zacatecas (México) ou Potosí (Perú). Para o seu traballo aproveitáronse do sistema da mita inca, adulterada para convertela nunha especie de traballo forzado na mina.
- b. **Agricultura e gandaría.** Coa colonización incorporáronse produtos descoñecidos en América como o trigo, a vide ou a oliveira e exportáronse outros como a pataca, o millo, a cabaza, o tomate ou o pemento. Un


intercambio semellante tivo lugar na gandaría: de Europa foron cabalos, vacas e porcos e, para o vello continente, viñeron pavos.



Agricultura mexicana. Imaxe da *Historia general de las cosas de Nueva España*, do frade Bernardino de Sahagún.

- c. **Comercio.** Para organizar o comercio creouse a Casa de Contratación en 1503. A Casa de Contratación de Sevilla organizaba todo o tráfico marítimo entre España e América. Tamén era almacén de mercadorías, centro de formación de pilotos e investigación xeográfica e marítima e tribunal comercial. Esta centralización comercial suprimiuse unhas décadas a mediados do século XVI, ao abrir o comercio a outros portos como A Coruña, Baiona, Laredo, Bilbao ou Cartaxena, entre outros.

Créditos: [CarlosVdeHabsburgo \(Wikipedia\)](#)



Ruta da frota de Indias, ruta comercial con América á que se engadiu a transpacífica coñecida como Galeón de Manila.

Actividades

1. Arrastra cada etapa ao século correspondente.

Barroco

XVIII

Renacemento

XVII

Absolutismo

XV

2. Na seguinte [ligazón](#) podes achegarte aos portolanos. Mergúllate nel e despois sinala se as seguintes afirmacións sobre as cartas portolanas son verdadeiras ou falsas:

Foron creadas no Renacemento.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

Comezaron sendo listaxes de datos sobre distancias, riscos etc. dalgúns lugares.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

Tamén se coñeceron como “cartas de navegar”.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

Non adoitan representar os ventos, pois o que interesa é a cartografía e a toponimia.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

Medievais non son moi habituais. Actualmente, en España só se conservan catro.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

Non son moi realistas por seren tan vellas.

☐ Verdadeiro


☐ Falso

Non adoitaban usarse máis que nos territorios onde se producían,
pois por cuestións de idiomas non se entenderían fóra deles.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

3. Ordena os seguintes feitos para construír un eixo cronolóxico.



- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.
- 7.

Capitulacións de Santa Fe

Batalla de Otumba

Creación Casa de Contratación

Chegada de Núñez de Balboa ao
Pacífico

Tratado de Tordesillas

Segunda viaxe de Colón

4. **Faladoiro.** Fíxate neste vídeo sobre [os Uros na actualidade](#). Nel, móstrase como algunhas familias optan por complementar o seu xeito de vida tradicional co turismo. As viaxeiras e viaxeiros achéganse ás illas para coñecer esta cultura ancestral pero, pode ser que ao tempo supoñan unha ameaza? Despois de ver o vídeo, reflexionade sobre o tema e organizade un pequeno debate.

Velaquí vos queda unha rúbrica coa que podedes autoavaliar o voso desempeño oral.

5. **Traballa en equipo.** Escollede unha das tres civilizacións prehispánicas vistas no apartado. Despois, elaborade unha galería de imaxes que permita explicar o espazo que ocupaban (por exemplo, cun mapa), e os aspectos máis importantes da súa economía, sociedade e cultura. Despois, expoñede todo o que aprendestes diante dos compañeiros e as compañeiras.

6. Reflexiona sobre as causas e as consecuencias da chegada da poboación europea a América. Despois, organiza as túas conclusións nun esquema.

7. Nesta ligazón podes ver unha [parodia da chegada de Colón a América](#) en versión *reggaeton*. Alén de brincadeiras, o asunto dá para algunha análise. Reflexiona sobre as seguintes cuestións e despois realízade unha posta en común entre todo o grupo.

- Cando no vídeo Colón lle pide financiamento a “Fernando e Isa”, a quen se refire? Foron os primeiros aos que lles pediu cartos?
- Nun determinado momento, fala do curri. Paréceche que unha especie ten algo que ver neste asunto?
- A que pensas que se deben esas constantes referencias a Xesucristo?
- De que tubérculo se fala no vídeo? Cita algún outro cultivo que puidese ter sentido neste contexto.
- Que che pareceu o vídeo? Cres que este tipo de ferramentas poden ser útiles para a aprendizaxe?

A cultura humanista

Renacemento e Humanismo

Xa no século XV en Italia xermolaba un novo xeito de entender o mundo. Pouco a pouco quedaba atrás o pensamento medieval no que Deus era o centro de todo (teocentrismo). Esta nova mentalidade non era allea á relixión, pero no trinomio “mundo-humanidade-Deus” a persoa pasaba a ocupar un papel máis relevante.

Ademais, produciuse un achegamento á **cultura clásica**. A filosofía, a ciencia, a cultura e a literatura grecolatina “puxéronse de moda”, como veremos máis adiante ao estudar a arte. Por todo isto, a este período chámase Renacemento.

Neste contexto desenvolveuse o **Humanismo**. A intelectualidade humanista consideraba o **ser humano** como a creación máis perfecta de Deus. Por isto debía ser **central** e había que dar prioridade ás súas necesidades. Perseguían a razón, o coñecemento e a ciencia polo que consideraban moi importante o ensino e a formación.

Resumindo, as principais ideas humanistas teñen que ver con:

Redescuberta da antigüidade

Ao achegarse a autores clásicos como Platón, Sócrates ou Aristóteles a intelectualidade humanista coñeceu unha nova filosofía. Deste xeito, comprendeu un xeito de entender o mundo distinto ao medieval.

Humanidade e progreso

Segundo o pensamento humanista, o ser humano era a creación máis perfecta de Deus. Por iso, debía ser o centro de todas as análises. Ademais, cumpría usar a razón e o coñecemento para satisfacer as necesidades humanas, progresar e chegar así á felicidade.

Ciencia e educación

Partindo dunha base fondamente cristiá, defenderon a educación, a investigación e a análise empírica. Para coñecer mellor o mundo, viaxaron para debater e intercambiar ideas con outros humanistas.

O seu pensamento difundíuse grazas ás universidades, á creación das academias e á imprenta.

As academias xurdiron en Italia e eran institucións nas que se estudaba arte, cultura clásica... Delas participaron moitas das grandes figuras do momento. Ditas academias adoitaban ser financiadas por mecenas.

Créditos: [Isogood_patrick \(Shutterstock\)](#)



Sepulcro de Lourenzo de Medici, de Miguel Anxo. Os Medici foron unha poderosa familia de Florencia que ao longo das xeracións actuaron de mecenas de artistas como Donatello, Brunelleschi, Leonardo da Vinci, Verrocchio, Marsilio Ficino...

A **invención da imprenta** atribúese a Johannes Gutenberg a mediados do século XV. Ao poder facer varias copias da mesma páxina axilizouse o proceso de elaborar e copiar textos, ata entón totalmente manual. Podes velo neste vídeo:





UN FRAGMENTO DE HISTORIA

O sistema da imprenta inspirábase no funcionamento dos cuños. Deste xeito, as letras tallábanse a espello en pequenos cubos metálicos, que se ordenaban nunha caixa formando o texto e untábanse coa tinta. Logo de colocar o soporte sobre elas, exercíase presión.



Cincuenta anos antes, unha pasta ardente fluíra de Maguncia ao resto de Europa (...). Cada letra, cada anaco de idea, quedara apreixado nun cachiño de metal. Eses cachiños repartíranos nun caixón de madeira. As mans escolleran un, despois outro, e compuxeran palabras, liñas, páxinas. Molláranos en tinta e unha forza prodixiosa presionaba lentamente as letras sobre o papel. Repetiron a operación decenas e decenas de veces, antes de dobraren as follas en catro, en oito, en dezaseis. Fóronas colocando unhas a continuación doutras, pegáronas entre si, coséronas, envolveron en coiro. Dese modo formouse un libro. A Biblia.

Así, en tres anos, confeccionaron máis de cento oitenta exemplares, cando un só monxe non copiaría máis que un. Os libros multiplicáronse coma os vermes nun cadáver.

Traducido e adaptado de Éric Vuillard,
A guerra dos pobres, 2020



O escritor **Petrarca** é considerado un dos **primeiros humanistas**. Propoñía o desenvolvemento integral da persoa, tanto no físico como no espiritual, igual que fixeran as figuras clásicas. Coetánea del atopamos a **Christine de Pizan**. Poeta, filósofa e escritora, é considerada **precursora do feminismo** occidental e formou


parte dos inicios do movemento “[querela das mulleres](#)”.

No campo da **política** salientaron **Tomás Moro**, quen falou dun mundo ideal e sen desigualdade na súa obra **Utopía**; e **Maquiavelo** quen reflexionou sobre a razón de Estado e a necesidade dun dirixente forte no **Príncipe**. **Oliva Sabuco** foi unha pensadora, filósofa e doutora que tratou temas como a liberdade do individuo, a paz e a dignidade humana. Publicou unha obra enciclopédica sobre saúde e filosofía que acadou gran popularidade no seu tempo, **Nova filosofía**, de cuxas ideas se apropiaron homes da época, comezando por seu pai.

Tamén no terreo das **ciencias** destacaron **Vesalio**, que estudou o corpo humano, polo que se considera o pai da anatomía moderna; e **Copérnico**, que formulou a **teoría heliocéntrica** fronte á crenza de que o Sol viraba arredor da Terra.

Pola súa parte, **Erasmus de Rotterdam** preocupouse pola razón e a educación. Como podes ver, os pensadores e as pensadoras humanistas cubriron todas as pólas do coñecemento.

Créditos: [posztos \(Shutterstock\)](#)



Leonardo da Vinci é un bo exemplo de artista do Renacemento, pois destacou en diferentes disciplinas.

As reformas

Este contexto de renovación filosófica propiciado polo Renacemento e o Humanismo, tamén se notou no seo da igrexa católica, onde xa xurdiran críticas como as de [Jonh Wycliffe](#).



UN FRAGMENTO DE HISTORIA

Wycliffe foi un paso máis aló: en 1382 foi dos primeiros en traducir a Biblia a unha lingua distinta do latín, o inglés.



A John Wycliffe ocorráselle unha idea, unha pequena idea, unha miudeza, mais que había de causar un gran escándalo. A John Wycliffe ocorreráselle a idea de que existe unha relación directa entre os homes e Deus. Desda primeira idea despréndese, loxicamente, que todo o mundo pode guiarse por si só grazas ás Escrituras. E desda segunda idea despréndese unha terceira: os prelados deixaron de ser necesarios. Consecuencia: a Biblia debe traducirse ao inglés. A Wycliffe –que, como pode verse, non andaba escaso de ideas– ocorréronse ademais, dous ou tres pensamentos terríbeis: así, propuxo que se designasen os papas por sorteo. Botados a discorrer tolerías, declarou que a escravitude é un pecado. A seguir informou que o clero debía vivir no sucesivo consonte á pobreza evanxélica. Por último, para acabar de amolar a xente, repudiou a transubstanciación, por considerala unha aberración mental. E, como colofón, concibiu a súa máis terríbel idea, e propugnou a igualdade entre os seres humanos.

(...) Por suposto, Roma condenou a John Wycliffe, e a pesar do seu verbo profundo e sincero, morreu illado. E máis de corenta anos despois da súa morte, condenado polo concilio de Constanza, exhumouse o seu cadáver, queimáronse os seus ósos.

Traducido e adaptado de Éric Vuillard,
A guerra dos pobres, 2020



Luteranismo, calvinismo e anglicanismo

A maior renovación sería a proposta por [Martíño Lutero](#), un monxe agostiño que nunha peregrinación a Roma se decatou da corrupción da igrexa católica e do seu enorme poder. Tamén se fixou en que o Papa e a xerarquía eclesiástica se preocupaban máis por cuestións terreas que da fe. Así, en 1517 redactou as súas críticas nun documento chamado *Noventa e cinco teses* e chantouno na porta da catedral de Wittenberg (Saxonia).

Lutero criticou a venda de indulxencias, a compra-venda de cargos eclesiásticos e o

nepotismo, a pouca preocupación do clero polos seus votos (moitos vivían coa súa parella e descendencia) e a súa escasa formación.

Lutero defendeu a salvación pola fe alén das boas obras: as persoas boas crentes ían ao ceo e as pecadoras, ao inferno (non existía o purgatorio). Segundo el, os únicos sacramentos eran o bautismo e a eucaristía e non rendían culto nin á virxe nin aos santos, polo que as igrexas adoitaban ser máis sobrias. Como consideraba a Biblia a palabra de Deus, cada crente debía acceder a ela directamente, pero non era doado porque estaba en latín. Para que os e as fieis puidesen lela sen a interpretación dun sacerdote, Lutero púxose a traducir as escrituras ao alemán.

Tampouco crían na figura do Papa como líder da Igrexa nin nas ordes monásticas. Os sacerdotes poden casar.



Martiño Lutero retratado por Lucas Cranach (1529)

As súas doutrinas axiña se espallaron polo Sacro Imperio, Dinamarca e Suecia.

A partir das doutrinas luteranas, [Xoán Calvino](#) desenvolveu as súas teses. Para el nin a fe nin as boas obras eran primordiais para a salvación porque cría na predestinación: Deus xa escolleu a quen vai salvar ou non. De feito, o éxito pode ser un sinal desta predestinación. Por isto, o calvinismo predicaba o esforzo no traballo e afastarse de diversións. Tamén eran estrito na interpretación das escrituras e defendía que os sacerdotes fosen escollidos polos seus fieis. A **doutrina calvinista** foi ben acollida en Suíza, as [Provincias Unidas](#) e Francia. Nesta última recibiron o nome de *hugonotes*. O calvinismo tivo moita influencia na igrexa presbiteriana de Escocia (fundada por John Knowx) e no puritanismo inglés, que despois viaxaría ata o que hoxe é a costa leste de EEUU.

Unha terceira reforma tivo lugar en Inglaterra con Henrique VIII, quizais por motivos máis persoais que teolóxicos. O rei quería casar con Ana Bolena pero había un problema: estaba desposado con Catarina de Aragón. Ao non conseguir a disolución do matrimonio, decidiu romper con Roma. Pola **Acta de Supremacía** (1534) deixaba de recoñecer a autoridade do Papa. A partir de entón, **o rei de Inglaterra foi a cabeza da igrexa anglicana**, que coincidía coas reformas en ter só dous sacramentos, pero na que a liturxia e a organización eran semellantes ás católicas.



Retrato anónimo de
Calvino, século XVI.




Henrique VIII de
Inglaterra retratado por
Hans Holbein (1540).

Como era de agardar, ningunha destas reformas foi ben recibida pola igrexa católica, que se reforzou nas súas teses. No **Concilio de Trento** (1545- 63) definiron os principios da **Contrarreforma**: o Papa era o xefe da Igrexa; os sacramentos eran sete (bautismo, confirmación, penitencia, eucaristía, orden sacerdotal, unción de enfermos e matrimonio); os santos e a virxe podían ser obxecto de culto; as boas obras si son precisas para a salvación porque a fe soa non abonda; a Biblia e as resolucións dos concilios son fontes de fe. Un dos seus medios de difusión foron os catecismos.

Porén, viron necesarias melloras na formación dos cregos ou no desprestixio do clero. Para isto creouse a **Compañía de Xesús** en 1534.

Os seus membros facían voto de obediencia ao Papa e centrábanse na educación. Ademais, en 1542 o Papa creou a Congregación do Santo Oficio, un tribunal co que perseguir as herexías e elaboraron listaxes cos libros que cumpría prohibir, coñecidas como “Índice”.



A partir do século XVI as diferencias relixiosas orixinaron unha vaga de conflitos que

duraron décadas e que se coñeceron como “guerras de relixión”.

Actividades

1. Sinala a opción correcta para completar esta oración. O renacemento...

- ☐ ... achegouse á cultura e filosofía greco-latina.
- ☐ ... afianzou o teocentrismo medieval.
- ☐ ... foi un movemento exclusivamente filosófico.

2. Sinala a opción correcta para completar esta oración. A intelectualidade humanista...

- ☐ ... opúxose ao Renacemento e á cultura clásica.
- ☐ ... poñía no centro do seu pensamento o ser humano.
- ☐ ... descoñecía os textos da filosofía grega.

3. Sinala a opción correcta para completar esta oración. O pensamento humanista espallouse...

- ☐ ... grazas ás obras de Petrarca.
- ☐ ... a través das academias.
- ☐ ... grazas ás academias e á imprenta.

4. Sinala a opción correcta para completar esta oración. Os filósofos e as filósofas humanistas...

- ☐ ... centráronse no estudo das obras da filosofía clásica.
- ☐ ... eran de orixe italiana.
- ☐ ... trataron amplas áreas de coñecemento.


5. Sinala a opción correcta para completar esta oración. Moitas das obras deste momento viron a luz grazas ao patrocínio...

- ☐ ... de mecenas.
- ☐ ... de filósofos, filósofas e mestres.
- ☐ ... das academias.

6. Sinala con cal das reformas se corresponden as seguintes afirmacións:

- a. Defende a salvación pola fe.
- b. Foi o primeiro en traducir a Biblia.
- c. O rei é cabeza da súa igrexa.
- d. Pretendía frear a reforma protestante.
- e. Tivo moita forza en Suíza.
- f. Difundiuse a través de catecismos.

7. Observa o mapa da expansión das reformas por Europa e lembra o que traballamos. A continuación, completa a lenda arrastrando cada reforma a carón da cor correspondente.



Violeta

Verde

Amarelo

Azul

católicos

calvinistas

anglicanos

luteranos

8. Completa no teu caderno unha táboa-resumo das reformas como esta:

	Dogma	Xerarquía	Culto
Luteranismo			
Calvinismo			
Anglicanismo			
Catolicismo			

- 9. Traballa en parella.** Luís Vives foi un pensador humanista que naceu en Valencia. Lede atentamente os seguintes fragmentos das súas obras. Cantos trazos propios do Humanismo sodes quen de identificar neles? Localizádeos e argumentade a vosa resposta.

Fragmentos de obras de Luís Vives

Aparta do estudo toda presunción, porque todo canto sabe o máis docto dos homes non é nada en comparación do que ignora; pouco, escuro e incerto é todo canto os homes saben.

Traducido de *Introducción á sabedoría*

Deus, sumo creador de todas as cousas, ao crear e formar ao home utilizou unha marabillosa indulxencia, de xeito que non houbera nada ou máis excelente ou máis grande baixo o ceo (...).

Traducido de *Tratado do socorro dos pobres*.

Un home discorre, entón exercita a razón. O primeiro chámase antecedente, razón, argumento, premisa; o posterior chámase seguinte, conseqüente, intención, ilación; todo iso para Cicerón é conclusión. O seu nome corrente é consecuencia.

Traducido de *Adversus pseudodialecticos*

- 10. Traballa en equipo.** Organizádevos en pequenos grupos e investigade sobre algún dos pensadores e pensadoras humanistas. Despois, elaborade unha pequena presentación para expoñer diante dos compañeiros e as compañeiras. Nela debes recoller unha pequena síntese biográfica e do seu pensamento. Incluíde tantos recursos como consideredes oportunos (imaxes, vídeos...). Tede en conta que o reparto das figuras sobre as que indagar sexa equitativo.

As monarquías autoritarias

A comezos da Idade Moderna obsérvanse síntomas de recuperación da crise coa que remataba a Idade Media: logo de epidemias e conflitos a poboación volveu medrar, a artesanía e o comercio recuperáronse, melloraron as técnicas e ferramentas financeiras, as cidades e a burguesía retomaron o seu pulo...

Neste contexto, reis e raíñas reforzaron o seu poder. Lembra que durante a Idade Media eran *primus inter pares*: o primeiro entre os iguais, que era a nobreza. Ao consultar cada vez menos cos parlamentos, os e as monarcas foron restando capacidade de decidir á nobreza, aumentaron o poder nas súas mans e remataron por impoñerse sobre ela. Esta idea dunha cabeza de goberno forte que prime sempre a cuestión de estado foi desenvolvida por Maquiavelo na súa obra *O Príncipe*.

Foron unificando e mesmo ampliando os seus reinos. Ás veces conseguírono de xeito pacífico, mediante alianzas matrimoniais e herdanzas. Outras, mediante cruentas guerras.

- Para xestionarse, os nacentes estados modernos precisaban de institucións de goberno, dunha **burocracia** cada vez máis complexa e dunha **facenda** estable. Por isto fixaron a corte nunha soa cidade que pasou a ser a capital. Nela instalouse funcionariado que trataba os asuntos reais e de goberno. E para xestionar os seus intereses fóra do reino os embaixadores lideraron as delegacións diplomáticas noutros países. Moitos destes postos na administración foron ocupados por irmáns menores das familias nobres. Polo morgado o primoxénito (habitualmente un fillo varón) herdaba terras e títulos así que os seguintes non tiñan moitas máis opcións de futuro que a Igrexa ou a universidade.
- A consolidación das **monarquías autoritarias** tamén implicou que estas se reservasen o uso da violencia. Ao longo da Idade Moderna foron desaparecendo os exércitos privados da nobreza, formados polas súas

mesnadas. A monarquía converteuse na única institución que podía recrutar e mobilizar un exército.

A esta mudanza contribuíu tamén o **encarecemento da guerra**. A finais da Idade Media comezaron a introducirse as armas de fogo e a artillaría. Tamén se ampliaron as frotas de guerra: as galeras e fragatas desprazaban con rapidez soldados ou trababan combates navais decisivos.

Outro factor que fixo a guerra máis custosa foi o incremento do número de soldados. A finais da Idade Media era difícil que un estado mobilizase máis de dez mil soldados ao mesmo tempo. Ao longo dos séculos XVI e XVII, as grandes potencias conseguiron mobilizar exércitos de máis de cen mil soldados, case sempre mercenarios. Era habitual que se repartisen un botín de guerra cando vencían. Se non recibían a súa paga recorrían á pillaxe entre a poboación civil da zona onde estivesen acantonados.

A monarquía dual dos Reis Católicos

Un exemplo de monarquía moderna sería a dos Reis Católicos.

En 1479 Fernando II accedeu ao trono de Aragón tras a morte do seu pai. Nese mesmo ano, Sabela I derrotou a súa sobriña, Xoana, na loita polo trono de Castela. A partir de entón, o matrimonio da **raíña de Castela** e do **rei de Aragón** deu lugar a unha unión dinástica. Isto quere dicir que os territorios conservaron os seus costumes e institucións a pesar de compartiren monarcas.



Medallón dos Reis Católicos na fachada da Universidade de Salamanca.

Como monarcas “de libro” do século XV levaron a cabo medidas para reforzar o seu poder:

- Crearon os **Consellos** (de Castela, de Aragón, de Indias...) que os asesoraban nos asuntos de goberno e que chegaron a atribuírse funcións das Cortes, ás que convocaron cada vez con menor frecuencia.
- **Limitaron o poder da nobreza** ao reservarse a potestade de nomear cargos, tanto civís como eclesiásticos, e ao crear un exército permanente. Neste aspecto, tamén reduciron o poder das ordes militares ao ostentar a figura monárquica o cargo de Grande Mestre de xeito vitalicio.
- Controlaron o poder das cidades a través dos **correxedores**, que eran representantes directos da monarquía no ámbito municipal. Aínda que a figura do correxedor xa existía, os Reis Católicos sistematizárona asegurándose de que as cidades funcionaban seguindo o interese real.
- Crearon as **Audiencias** para encargarse da xustiza; axilizaron a política fiscal coa **Real Facenda**; e crearon a **Santa Irmandade**, un corpo que se encargaba de manter a orde, sobre todo, na contorna rural.

Todo este control foi máis eficaz en Castela. Nos territorios de Aragón, polo seu carácter pactista, as cortes de cada un dos territorios debían reunirse para aprobar os ingresos da monarquía. Como con isto o rei vía limitado o seu poder, optou por convocalas o menos posible.


A política interior dos Reis Católicos caracterizouse pola **unificación territorial e relixiosa**. Castela ampliou o seu territorio coas Canarias, o reino Nazarí de Granada, os territorios americanos e o reino de Navarra. Pola súa banda, Aragón recuperou o Rosellón, a Cerdaña e Nápoles de mans francesas.

Para conseguir a unidade relixiosa ditaron leis polas que se **perseguía a poboación xudía e musulmá**. As opcións que lles quedaban non foron moitas: quen non se bautizase, debía marchar. Para perseguir a quen mantivo as súas crenzas ou aos denominados falsos conversos crearon o **Tribunal da Inquisición**.



UN FRAGMENTO DE HISTORIA

Transcrición do edito de Granada polo que se ordenou a expulsión da poboación xudía.



Os Reis Fernando e Sabela [...] a todos os xudeus homes e mulleres de calquera idade e a quenqueira esta carta concerna, saúde e gracia para el.

Ben é sabido que nos nosos dominios, existen algúns malos cristiáns que xudaizaron e cometeron apostasía contra a santa fe Católica, sendo causa a maioría polas relacións entre xudeus e cristiáns. Polo tanto, no ano de 1480, ordenamos que os xudeus foran separados das cidades [...] e que lles foran adxudicados sectores separados [...] e ordenamos que se establecera a

Inquisición nestes dominios; e no término de 12 anos funcionou e a Inquisición encontrou moitas persoas culpables. Ademais, estamos informados pola Inquisición e outros do gran dano que persiste aos cristiáns ao relacionarse cos xudeus, e á súa vez estes xudeus tratan de todas maneiras de subvertir a Santa Fe Católica [...].

Ordenamos ademais neste edito que os xudeus e xudías de calquera idade que residan nos nosos dominios ou territorios que partan cos fillos e fillas, servintes e familiares, pequenos ou grandes de todas as idades, a final de xullo deste ano e non se atrevan a volver [...] e que non tomen un paso adiante a traspasar da maneira que se algún xudeu que non acepte este edito se acaso é encontrado nestes dominios ou regresa será culpado a morte e á confiscación dos seus bens.

E ordenamos que ningunha persoa [...] incluíndo nobres que escondan ou garden ou defendan a un xudeu ou xudía xa sexa publicamente ou secretamente [...] con risco de perder como castigo todos os seus feudos e fortificacións, privilexios e bens hereditarios.

Fágase que os xudeus poidan desfacerse dos seus fogares e todas as súas pertenzas [...] que eles poidan vender e intercambiar as súas propiedades [...] e dispoñer deles libremente ao seu criterio que durante este prazo ninguén debe facerlles ningún dano [...].

Damos e outorgamos permiso aos anteriormente referidos xudeus e xudías a levar consigo fóra das nosas rexións os seus bens e pertenzas por mar ou por terra exceptuando ouro e prata, ou moeda acuñada ou outro artigo prohibido polas leis do reinado. [...]

Dado nesta cidade de Granada o trinta e un día de marzo do ano de noso señor Xesucristo de 1492.

Firmado Eu, o Rei, Eu a Raíña, e Xoán de Coloma, secretario do Rei e da Raíña quen o escribiu por orde das súas Maxestades.

Texto traducido e adaptado de
[Noticias do Mundo Sefaradí](#).



española. O que si teñen claro xa expertos e expertas é que a época de **Tomás de Torquemada** como inquisidor foi a máis cruenta e persecutoria, con maior número de condenas a morte.



Sabías que...?


Un dos libros máis importantes da Idade Media foi feito en Galiza. É a biblia hebrea coñecida como [Biblia Kennicott](#) que está depositada hoxe en día na Universidade de Oxford. Foi encargada por Isaac, un prateiro xudeu da Coruña ao escriba Moisés Ibn Zabarah e ao iluminador Joseph Ibn Hayyim. Cando os Reis Católicos promulgaron a orde de expulsión dos xudeus que xa coñeces, Isaac marchou cara a África nun barco dende o porto herculino. Isaac non cumpriu as indicacións reais, pois ademais da súa biblia, levou 2 500 000 marabedíes. Non se sabe moito máis desta marabilla de libro ata o século XVIII, cando o coengo e bibliotecario inglés Benjamin Kennicott lla compra a un conde que lle di que a adquirira en Xibraltar. Nesta ligazón da [Biblioteca Bodleian](#) podes ver a dixitalización da orixinal.



Algumas das páxinas da Biblia Kennicott, luxosamente ilustradas.

A nivel exterior, Castela mirou cara ao Atlántico e ao norte de África; Aragón, ao Mediterráneo. En Europa, estableceron alianzas coas grandes monarquías do momento a través da política de matrimonios que deseñaron para os seus fillos e

fillas.



Alianzas internacionais a través dos casamentos dos fillos dos Reis Católicos.

Galicia no reinado dos Reis Católicos

A nobreza galega apoiara maioritariamente a [Xoana a Beltranexa](#), filla do irmán de Sabela a Católica, Henrique IV. A disputa do trono castelá entre as dúas levou á guerra de sucesión castelá (1475-79), da que Sabela saíu vitoriosa. O apoio a Xoana, unido ao fortalecemento do poder real que xa comentamos, fixo que a nobreza galega vise reducidos os seus privilexios. Así, os grandes nomes como **Pardo de Cela**, **os condes de Lemos** ou **os Álvarez de Soutomaior** foron **substituídos** por outros de orixe castelá, como os **Pimentel**.

Se a nobreza viu limitado o seu poder, a xerarquía eclesiástica saíu reforzada. Deste xeito, premiábase o apoio que Sabela recibira do arcebispo Alonso de Fonseca, entre outros.

En territorio galego, ademais dos correxedores nos concellos, instaurouse a figura do

Gobernador do Reino de Galicia, unha sorte de vicerrei, dos que o primeiro foi Fernando de Acuña. En 1480 creouse a **Real Audiencia**, tribunal localizado na **Coruña**, encargado de ditar xustiza en nome real.

Os sucesores dos Reis Católicos

Tras a morte de Sabela (1504) e Fernando (1516) os seus reinos pasaron ao seu neto Carlos, quen instaurou unha nova dinastía: os Austria. Carlos era fillo de Filipe de Habsburgo, o *Fermoso*, e da filla dos Reis Católicos, Xoana, quen pasou 46 anos encarcerada en Tordesillas debido a unha suposta inestabilidade mental. A maioría de historiadores e historiadoras opinan que o seu carácter, imprevisible e pouco apropiado para unha muller da época, foi aproveitado polos homes da súa familia para arrebatarlle o poder, pasando a un segundo plano da Historia como [Xoana a Tola](#).

Carlos I de España e V de Alemaña


Carlos I obtivo, pola herdanza dos avós paternos e maternos territorios en



Retrato de Carlos V sentado,
Lambert Sustris (1548)

Flandres, no Franco Condado, en Austria, Castela e Aragón (coas súas respectivas posesións). En 1519 accedeu ao trono do Sacro Imperio Romano Xermano polo que é coñecido como Carlos I de España e V de Alemaña.

Créditos: [Lucio Silla \(Wikipedia\)](#)



Territorios Europeos controlados por Carlos I en 1519.

Durante o seu reinado, Carlos fixo fronte a conflitos interiores e exteriores. A nivel interno, foi considerado como estranxeiro polos súbditos e subditas, a quen tampouco gustou a solicitude de cartos para o acceso ao trono imperial. Parte do pobo acusouno de preocuparse máis polos asuntos do Sacro Imperio que polos do seu reino e as elites tradicionais castelás tiveron medo de ser substituídas pola corte flamenca que veu co rei. Este descontento manifestouse en revoltas como a das Comunidades en Castela (1520-21) ou as Xermanías en Valencia e Baleares (1519-23).



UN FRAGMENTO DE HISTORIA

Neste fragmento podes ler as condicións que os comuneiros de Castela intentaron trasladar ao rei sen éxito, desencadeándose así as revoltas.



[...] que despois del non poida suceder muller ningunha no reino; pero quen non habendo fillos, que poidan suceder fillos e fillas e de netas sendo nados e bautizados en Castela [...]. Que o Rei non poida poñer Correxidor en ningún lugar, senón que cada cidade e vila elixan o primeiro día do ano tres persoas dos fidalgos e outras tres dos labradores, e que estes dous que escolleran sexan alcaldes de civil e criminal por tres anos [...]. Que os oficios da casa Real se dean a persoas que sexan nados e bautizados en Castela[...]. Que o Rei non poida sacar nin dar licenza para que se saque moeda ningunha do reino, nin pasta de ouro nin de prata e que en Castela non poida andar nin valer moeda ningunha de vellón senón fora fundida e marcada no reino [...].

Traducido e adaptado de [Peticións dos Comuneiros de Castela na Xunta de Ávila, 1521.](#)



A súa política exterior orientouse cara a varias liñas. Dun lado, enfrontouse á ameaza turca no Mediterráneo e Europa central, onde chegaron ás portas de Viena. Tamén tivo que enfrontarse a Francisco I de Francia e aos príncipes alemáns que adoptaran o protestantismo. Finalmente, recoñeceu a súa liberdade relixiosa na **Paz de Augsburgo** (1555).

En 1556, Carlos I abdicou e retirouse ao mosteiro de Iuste.

Filipe II

O tema relixioso foi tamén o cabalo de batalla do fillo de Carlos I e sucesor no trono, Filipe II. En Europa, enfrontouse aos protestantes nos Países Baixos, onde os terzos loitaron durante anos. O apoio inglés a estes, unido aos ataques piratas, levou a Filipe II a intentar a invasión de Inglaterra en 1588. Ademais, mantivo as enemizades de seu pai contra Francia (batalla de San Quintín, 1577) e Turquía (batalla de Lepanto, 1577).

No interior, fixo fronte á rebelión mourisca nas Alpuxarras granadinas. A poboación de orixe musulmá non recibiu con agrado que Filipe II limitase as súas liberdades en canto a costumes, lingua, vestimentas... a través da **Pragmática Sanción** de 1567, un edicto promulgado para lograr a verdadeira conversión ao cristianismo da poboación mourisca.



Filipe II, por Sofonisba Anguissola. Museo do Prado.


Segundo o historiador, antropólogo e ensaísta español Caro Baroja, as disposicións da Pragmática sanción podían resumirse nas seguintes:

1. Prohibir falar, ler e escribir en arábigo nun prazo de tres anos.
2. Anular os contratos feitos nesa lingua.
3. Que os libros escritos en arábigo fosen revisados polo presidente da Chancelería de Granada e fosen devoltos á poboación mourisca aqueles “compatibles” coa relixión católica.
4. Que a poboación mourisca vista roupa “castelá” e as mulleres vaian coa cara destapada.
5. Que se sigan as tradicións cristiás en vodas, velas e festas semellantes.
6. Que non celebren o venres.
7. Que non usen nomes e sobrenomes musulmáns.
8. Que as mulleres non utilicen *henna* para decorar a pel.
9. Que non utilicen baños turcos e se destrúan os existentes.

10. Que se expulse a poboación "gaci" [mourous do norte de África] e que a mourisca non teña escravos e escravas gaci.
11. A revisión das licenzas para ter escravos e escravas de raza negra.

A Monarquía Hispánica aglutinaba distintos reinos, institucións e costumes baixo un mesmo rei. Era un sistema polisinodial: cada territorio contaba cun consello que axudaba ao rei nas tarefas de goberno. Ademais, como a nai fora infanta portuguesa, en 1580 Filipe II foi proclamado rei de Portugal logo da morte sen descendencia de Sebastián I. Por todo isto, o propio Filipe II definiu o sistema como “reinos xuntos pero apartados”.

Créditos: [Trasamundo \(Wikipedia\)](#)



Imperio de Filipe II atendendo ao sistema polisinodial.

Esta organización viuse alterada cando Filipe II limitou a autonomía de Aragón ao intentar que a Inquisición xulgara a [Antonio Pérez](#), secretario do rei acusado de traizón e asasinato. Antonio Pérez refuxiouse en Zaragoza, pretendendo ser xulgado pola xustiza aragonesa da que agardaba maior benevolencia por non depender do rei. Esta interferencia provocou revoltas en Zaragoza que o rei sufocou decapitando ao Xustiza Maior de Aragón, Xoán de Lanuza e poñendo fin aos foros de Aragón.



Sabías que...?

Aínda que se usen como tal, *pirata* e *corsario* non son sinónimos. Mentres que os piratas eran unha especie de ladróns do mar, os corsarios contaban coa “patente de corso”. Trátase dun permiso dos seus gobernos para atacar buques das nacións inimigas. O esforzo que supoñía armar a frota víase compensado co botín que obtiñan do ataque e saqueo.

En tempos de Filipe II os corsarios xogaron un papel moi relevante nas relacións internacionais entre a Monarquía Hispánica e Inglaterra. Grazas aos ataques ás frotas e portos obtiveron grandes botíns pero, ademais, a raíña de Inglaterra Sabela I, utilizou os seus servizos para danar ao seu grande inimigo, Filipe II. Un dos máis famosos corsarios foi [Sir Francis Drake](#), que atacou portos galegos como o de Vigo ou o de A Coruña, onde [María Pita](#) liderou a defensa da cidade. Ademais, tamén emprendeu unha campaña para que Portugal se rebelase contra Filipe II.

As transformacións socioeconómicas do mundo moderno

Dende a Baixa Idade Media víñanse dando cambios sutís mais xa imparables. A pesar das novidades, a maioría da poboación mantivo como base económica a **agricultura de subsistencia** con rotación de cultivos. A rotación foi evolucionando dende o ano e vez ata a superación do barbeito. Ao producir en toda a parcela, melloraron os rendementos da terra, aínda que seguiron sendo baixos.



A produción dedicábase ao autoconsumo e ao pago de rendas. Cos excedentes, que non eran moi abondosos, abastecíanse as cidades e os mercados locais. Os cultivos máis frecuentes eran os **cereais**, a **vide** e o **liño**. Entre eles axiña atoparon oco o millo e a pataca, procedentes de América.

A **gandaría**, a **pesca** e a **caza**, aínda que secundarias, tamén ocuparon o seu espazo.

O **traballo artesán** realizábase nos obradoiros, que moitas veces eran tamén tenda e vivenda. Os artesáns estaban controlados polos gremios.

Créditos: [Milartino](#)



Traballos de artesanía realizado nos obradoiros.

—

Grazas ás melloras na navegación e aos novos territorios, o comercio a longa distancia coñeceu un gran pulo dende comezos do século XVI. A partir de entón introducíronse novos produtos que non fixeron máis que aumentar ao longo da época moderna.

Este incremento do comercio fixo necesario contar con **grandes capitais**, xa que preparar un barco e emprender a expedición non eran tarefa doada. Sobre todo, no que son hoxe os Países Baixos e norte de Italia, desenvolvéronse novas técnicas e ferramentas financeiras: a letra de cambio, o cheque, a banca, as sociedades por accións...

Neste contexto, a **burguesía** collía cada vez máis pulo. A partir deste momento a economía xa non só se ía basear nas relacións de vasalaxe e posesión de terras, senón que nacían elementos propios dun **incipiente capitalismo**. Porén, aínda que a sociedade deixaba atrás o feudalismo, seguiu a ser estamental. Isto é, dividida en tres grandes grupos ou estamentos: nobreza, clero e terceiro estado ou xente do común.



Na época moderna xa non se mantiña o feudalismo, pero seguía habendo un grupo social que tiña privilexios e outro que non. Como se ve no gráfico, a **burguesía** pertence ao grupo de non privilexiados, aínda que pode ter unha posición económica máis cómoda.

A **nobreza e o clero** eran os grupos **privilexiados** e por iso estaban exentos do pago de tributos e tiñan beneficios tanto legais como políticos. Dentro de cada un destes grupos existían diversas situacións económicas, de patrimonio e influencia que permiten distinguir entre alta ou baixa nobreza e alto ou baixo clero.

Ao **terceiro estamento** pertencía quen nacía fóra do privilexio. Era o máis heteroxéneo, xa que incluía á **burguesía** (ás veces enormemente rica e poderosa), **campesiñado**, **artesáns** e **pequenos comerciantes, xornaleiros e pobres e vagabundos**.

Aínda que o sistema era bastante ríxido e resultaba complexo pasar dun estamento a outro, certo é que existía certa mobilidade social. Así, unha persoa con riqueza podía obter un título nobiliario como pago por servizos ao rei ou a través dun arranxo matrimonial cunha familia nobre á necesitada de cartos.



UN FRAGMENTO DE HISTORIA

Temos importantes testemuños escritos que dan conta da diferente vida que levaban as xentes privilexiadas e as do Terceiro estado. Un exemplo é a autobiografía de Benvenuto Cellini, orfebre e escultor renacentista dos máis destacados da época, da que podes ler un anaco a continuación.



Andrea tomou muller e tivo catro fillos varóns. (...) O terceiro chamouse Giovanni, que sería o meu pai, Francesco o cuarto. Este Andrea Cellini sabía de arquitectura (...) e vivía dela. Giovanni prestáballe máis atención á arquitectura que calquera outro dos fillos. (...) Giovanni, cando dominou o debuxo, comezou a ocuparse na música. Ademais da teoría fíxose un virtuoso do violín e da frauta (...).

Tiñan por veciño un tal Stefano Granacci, que tiña varias fillas, todas elas de notábel beleza. (...) fixouse en Elisabetta; a quen pediu matrimonio. Os dous homes acordaron o matrimonio e comezaron a discutir sobre o dote. Andrea díxolle a Stefano: “O meu Giovanni é o mozo máis rexo de Florencia (...). Se quixese telo casado antes, podería terlle procurado un dos mellores dotes que a xente do noso rango poida ter”. Stefano respondeu: “Tes moita razón, pero eu teño cinco fillas e tantos fillos que non podo poñer un dote maior”.

Giovanni, que estivera á espreita, presentouse de improviso e dixo: “Meu pai, quero a esa rapaza, non o seu diñeiro (...). Se como dis son un home tan afouto, non che parece que serei capaz de proporcionarlle canto

necesite?”. Ante estas palabras Andrea Cellini (...) molestouse bastante; pero despois duns poucos días Giovanni desposou Elisabetta e nunca pediu o seu dote. Casados por dezaioito anos (...) a muller de Giovanni perdeu dous fillos a causa da ineptitude dos doutores. Despois (...) deu a luz unha rapaza. Pasados outros dous anos quedou de novo embarazada e como os antollos que tiña (...) eran os mesmos que os do seu anterior embarazo, coidaron que daría a luz outra vez unha femia (...). O parto aconteceu na noite do día de Todos os Santos, ás catro e media, no ano 1500. A comadroa, que sabía que agardaban unha nena, lavou o bebé e envolveuno en panos de liño branco e foi onda o meu pai: “Tráiolle un extraordinario agasallo, un que non agardaba.” O meu pai (...) dixo: “Agradecerei sempre o que Deus me dea.” Ao ver o neno, xuntou as palmas das mans, elevounas a Deus e dixo: “Señor, agradézocho de todo corazón. Este presente éme moi querido. Sexa benvido!”. A xente ao seu redor comezou a preguntar que nome levaría o neno. Giovanni non dicía máis que “Que sexa Benvido”.

Traducido e adaptado de Benvenuto Cellini, A vida.

Escrita entre 1558 e 1567 e publicada postumamente en 1728





Sabías que...?

Na época moderna existiu un colectivo de mulleres que escolleron vivir xuntas en congregacións sen ser monxas. Estas agrupacións xurdiran xa na Idade Media e coñecíanse como **beguinas**.

As beguinas eran mulleres cristiás que se organizaban en casas comunitarias mais non facían votos nin se comprometían para sempre. Non eran monxas, senón mulleres laicas que traballaban axudando a persoas enfermas ou necesitadas. Só tiñan que comprometerse a vivir dun xeito humilde e casto mentres durase a súa estadía. Se así o querían, podían retomar a súa vida cando o desexasen.

Estas comunidades, nas que non podían entrar homes, estaban supervisadas pola Gran Dame, unha sorte de lideresa que collían entre todas. Chegaron a formar barrios enteiros coñecidos como beguinaxes. O seu estilo de vida fóra do control dos poderes establecidos axiña provocou receos, polo que foron consideradas herexes e algunhas queimadas. Co tempo, as beguinaxes serviron de refuxio a mulleres que non querían ingresar nunha orde relixiosa nin casar.

A última beguina morreu en 2013 aos 92 anos en Bélxica.

Na sociedade da Galicia moderna xogou un papel importante a fidalguía. A poboación fidalga podía ter orixe na baixa nobreza ou en casas de labranza ricas, vivía nos pazos e salientou polo seu papel de intermediaria no cobro das rendas dos foros e subforos. O **foro** era un contrato agrario de orixe medieval predominante en Galicia (agás na zona de costa cantábrica) e que existiu tamén en Irlanda, Portugal, Alemaña... Unha das súas características principais é a longa duración. Segundo estes contratos, o campesiñado posuía o dereito de traballar unha terra da que era usufrutuario (dominio útil), normalmente durante tres xeracións (ou “voces”), aínda que moitas veces se alongaba, mesmo a perpetuidade. A cambio, debía pagar ao dono ou dona da propiedade (do “dominio directo”) unha renda acordada. Esta adoitaba ser unha parte da colleita que podía complementarse con traballos ou algún animal.

Aínda que a norma fixaba que non se podían vender, arrendar, partir ou trocar as terras aforadas, na práctica non se cumpría. Así, os subforos, intercambios ou partillas, foron habituais e co paso do tempo os dereitos sobre as terras parecían unha maraña

difícil de desenredar.

O foro mantívose en Galicia ata comezos do século XX.



A VOZ EXPERTA



"Vos aforo, dise nun contrato de 1516 asinado en Ourense, o meu lugar, casa de morada, cos seus currais, cortes, sito na freguesía de San Paio de Lobeos, con cortes, curral, prados, hortas e cortiñas, nabais, árbores, herdades del [...] O que vos aforo e as vosas voces con esta condición, que vós e as vosas voces teñades o dito lugar, casar, curral e cortes levantadas cubertas de pedra, madeira, colmo e as herdades ben sacadas de monte e reparadas como todo non se perda por falta de labor e de reparo, e que vós e as vosas voces por todo isto de renda fixa, haxa non haxa, non embargante outro calquera caso, daredes, pagaredes a min e aos meus herdeiros tres fanegas de pan, seco, limpo e mallado do mes de agosto, e un carneiro co dito pan, todo en cada ano no dito lugar por agosto".

Traducido e adaptado de SAAVEDRA, P. (1992),
A vida cotiá en Galicia de 1550- 1850.
Santiago de Compostela:
Servizo de publicacións da USC



Actividades

1. Sinala cales das seguintes afirmacións son verdadeiras e cales falsas.

Que a dos Reis Católicos fose unha unión dinástica significa que mantiveron as institucións, tradicións e particularidades dos reinos, que agora compartían monarcas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A figura real coñeceu máis limitacións en Castela.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O tradicional carácter pactista aragonés axilizou o goberno de Fernando ao contar con institucións en cada un dos reinos que conforman a coroa.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Unha das razóns polas que as monarquías dos incipientes estados modernos aumentan o seu poder é polas limitacións que lles impuxeron á nobreza.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Os Reis Católicos limitaron o poder dos nobres e dos municipios reforzando así a súa figura.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

Un dos eixos principais das políticas internas dos Reis Católicos foi a unificación relixiosa.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

A preocupación por crear institucións de goberno foi un elemento común ás nacentes monarquías autoritarias europeas.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

A Real Audiencia foi a institución que se encargaba das auditorías e supervisión da fiscalidade no reino de Castela.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

2. Sinala con que rei teñen que ver os seguintes feitos.


	Carlos I	Filipe II	Ambos
Loitou pola defensa da relixión católica.	☐	☐	☐
Tivo como un dos seus obxectivos prioritarios o acceso ao trono do Sacro Imperio.	☐	☐	☐
Fortaleceu o poder real ao limitar as atribucións tradicionais do reino de Aragón.	☐	☐	☐
Defendeu a relixión católica deixando certa liberdade de escolla aos príncipes.	☐	☐	☐
A nobreza castelá temía ver supeditados os seus intereses e poder ante o da corte do rei.	☐	☐	☐
Enfrontouse a Turquía, que asediaba centroeuropa.	☐	☐	☐
Prohibiu certas tradicións e costumes á poboación das Alpuxarras.	☐	☐	☐
Tivo en Francia un poderoso inimigo.	☐	☐	☐
Foi rei do conxunto de reinos da Península Ibérica.	☐	☐	☐

3. Nesta [ligazón](#) podes ver un capítulo da serie documental *Historias de Galicia*.

A partir do minuto 8:30 fálase da fidalguía, da que agora xa coñeces algo máis. Despois de ver o vídeo, responde a estas preguntas:

- A que grupo social pretendía imitar a fidalguía?
- Pertence ao estamento privilexiado ou non privilexiado?

- c. A quen servía a fidalguía nun primeiro momento?
- d. Que coñecido fidalgo literario se menciona no vídeo?
- e. Cal era a máxima aspiración da poboación fidalga?
- f. Onde vivía?
- g. Que nome recibe o contrato de xestión de terras do que se beneficia a fidalguía?
- h. Cando foi o momento de meirande esplendor para este grupo social?



4. Completa o seguinte texto cos termos que estudaches no apartado.

A sociedade da época moderna deixou de basearse nas relacións de ____ propias da Idade Media pero seguiu sendo fondamente desigual. Deixou de ser feudal pero continuou a ser unha sociedade ____ . Isto significa que se organizaba arredor de ____ . Trátase de grupos pechados aos que se pertencía, fundamentalmente, por ____ . Era unha sociedade xuridicamente desigual, posto que había un estamento ____ e outro que non o era. Pertencer ao estamento privilexiado eximía de pagar ____ ao tempo que concedía dereitos exclusivos inaccesibles para o estamento non privilexiado. Dentro do grupo con privilexios incluíaase a ____ e o ____ .

O estamento non privilexiado estaba formado polo resto de grupos sociais: ____, campesiñado, artesáns, comerciantes, mendigos e mendigas... Existían moi poucas posibilidades de entrar a formar parte do grupo privilexiado. Un xeito de conseguilo era a concesión dun ____ nobiliario por parte da monarquía como premio por algún mérito militar.

5. As **Torres do Allo**, en Zas, son un dos pazos máis antigos do país. Indaga sobre elas e indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

A fidalguía pertencía ao estamento non privilexiado.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

O vinculeiro era o fillo máis vello que recibía o conxunto da herdanza.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

A través dos escudos e a heráldica pódense coñecer as familias que formaron parte da historia das torres.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

A orixe do topónimo fai referencia á importancia de produtos da horta, como allos e cebolas, para o pago dos tributos

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

Ningunha muller herdou as torres do Allo.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

Ao ser un pazo do século XV o seu xardín é de estilo renacentista.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

As gárgolas da súa fachada cumpren unha función meramente decorativa.

☐ Verdadeiro


☐ Falso

A familia Riobóo chega entra na nobreza a través do matrimonio.


☐ Verdadeiro

☐ Falso

6. Observa o mapa dos territorios europeos de Carlos I. Serías quen de explicar por que Francia se converteu nun dos principais inimigos?



7. **Traballa en parella.** Escoitastes algunha vez o dito “no Imperio de Filipe II nunca se poñía o Sol”? Repasade o mapa dos territorios da Monarquía Hispánica en tempos de Filipe II e explicade que pensades que quere dicir.



8. Fíxate no esquema da rotación de cultivos. Explica coas túas palabras por que se produciu un aumento dos rendementos da terra. Que consecuencias pensas que tivo esta mellora? Comparte as túas ideas na clase.



9. Elabora un esquema no que resumas as características da sociedade estamental.
10. Ilustra o esquema anterior creando unha galería de imaxes con pinturas da época nas que figuren os grupos sociais do momento. Podes axudarte das páxinas dalgunhas das pinacotecas máis importantes. Aquí tes algunhas ligazóns que che poden ser de utilidade:
- [Museo do Prado](#)
 - [National Gallery](#)
 - [Rijks Museum](#)
 - [Galería Uffizi](#)
11. Neste [vídeo](#) podes repasar as orixes do foro e o papel da fidalguía nun novo episodio de *Historias de Galicia* (ata o minuto 14:45).

Logo de velo, responde no teu caderno ás seguintes preguntas.

- a. Explica por que os mosteiros usaban un contrato de tan longa duración. Que vantaxes lle proporcionaba?
- b. A que se comprometen cada unha das partes asinantes do contrato?
- c. Que era o “dezmo a Deus”?
- d. Explica a evolución do foro dende as súas orixes na Idade Media, relacionándoo cos cambios de comezos da Idade Moderna que estiveches aprendendo nesta unidade.
- e. Por que se di que o foro estimulou a produción? Compartes esta idea?


f. Que papel xogou a fidalguía con respecto ao foro?

Ao peche

Que aprendiches?

Cando comezamos a unidade fixémosche unhas cantas preguntas. Moitas delas pode que as souberas, pero moitas outras non. Agora que xa tes moita máis información podes contestar a todas elas. Imos tentalo.

1. **Reflexiona e valora o teu traballo.** Como se adoita periodizar a Historia Moderna?

A large, empty rectangular box with a thin grey border, intended for the student's reflection on the first question.

2. **Reflexiona e valora o teu traballo.** Cales foron as orixes dos procesos de conquista?

- 3. Reflexiona e valora o teu traballo.** Como se desenvolveu a conquista e cales foron as súas consecuencias?

- 4. Reflexiona e valora o teu traballo.** Que tres grandes civilizacións existían en América?

- 5. Reflexiona e valora o teu traballo.** Como organizou Castela a colonia en América?

- 6. Reflexiona e valora o teu traballo.** Cales son as características das monarquías autoritarias?


- 7. Reflexiona e valora o teu traballo.** Cal foi o desenvolvemento das coroas de Castela e Aragón a partir da unión dinástica dos Reis Católicos?

- 8. Reflexiona e valora o teu traballo.** Como se organizou a Monarquía Hispánica en tempos dos primeiros Austria?

- 9. Reflexiona e valora o teu traballo.** Que foi o Humanismo, cales son os seus trazos básicos e os pensadores fundamentais?

- 10. Reflexiona e valora o teu traballo.** Que reformas relixiosas se desenvolveron no século XVI e como reaccionou a Igrexa católica ás mesmas?

- 11. Reflexiona e valora o teu traballo.** Que trazos socioeconómicos e políticos son propios dos comezos da Idade Moderna?



Avalíate

Amosámosche a continuación algunhas actividades para avaliarte. Dispós de tres intentos para superar cada actividade.

Lembra **seguir estes pasos** para realizar estas actividades que che servirán de gran axuda:

1. Le atentamente o enunciado.
2. Identifica que che preguntan.
3. Ordena, se é necesario, os datos que che piden.
4. Resolve a actividade.
5. Asegúrate de que contestaches todas as preguntas.
6. Se o precisas, repite todos os pasos.

- 12.** Comproba o teu dominio do vocabulario completando as definicións cos termos correctos. Ten en conta que, do seguinte banco de palabras, dúas delas non vas usalas.

Barbeito ● Bula ● Fidalguía ● Foro ● Guano ● Humanismo
● Maia ● Mecenas ● Mita ● Renacemento

- Porción de terreo que queda sen cultivar para recuperar nutrientes ▶ _____
- Grupo social da baixa nobreza moi presente na Galiza ▶ _____
- Contrato agrario de orixe medieval e de moi longa duración. ▶ _____
- Corrente filosófica que consideraba o ser humano como elemento central do seu pensamento. ▶ _____
- Civilización prehispánica que dominaba a área do Iucatán. ▶ _____
- Persoa ou familia rica que financiaba artistas, científicos ou científicas... ▶ _____
- Sistema de traballo inca. ▶ _____
- Primeira etapa da época moderna. ▶ _____

13. Relaciona os seguintes conceptos:



Sextante



Compás



Astrolabio



Portolano

14. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

Xa antes da descuberta de América había rivalidades entre Portugal e Castela polas expedicións atlánticas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O Tratado de Alcaçovas repartiu as terras descubertas por Colón entre Castela e Portugal.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Antes que aos reis Católicos, Colón propuxo a súa empresa ao rei portugués.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O nome do continente dóuselle en honra a Américo Vespuccio.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O Tratado de Tordesillas organizou as áreas de influencia portuguesas e castelás no novo continente.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O Océano Pacífico foi descuberto por Elcano.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A conquista de América foi un proceso moi lento.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Logo de Catela e Portugal, as demais potencias europeas desatenderon os intereses en América.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

15. Indica cal das seguintes afirmacións completa de xeito correcto a afirmación. As Capitulacións de Santa Fe...

- ☐ ... foron asinadas polo Papa.
- ☐ ... concedéronlle a Colón títulos e beneficios económicos sobre as terras que descubrira.
- ☐ ... trataban da conversión da poboación nativa ao catolicismo.

16. Completa o seguinte texto. Se o precisas, investiga sobre a figura deste infante portugués:

Don Henrique foi un infante portugués do século ____ que converteu o Algarve nun importante centro de construción de barcos. Desde alí partiron moitas das ____ de exploración e descuberta. Aínda que el non era mariño, o seu patrocinio das viaxes valeulle, xa no século XIX, o alcume de “o ____”.

Unha das primeiras viaxes que organizou foi a que chegou ás illas de ____ . Pouco despois, pisaron outro arquipélago atlántico, o das ____ . Estes dous arquipélagos, aínda hoxe son rexións autónomas portuguesas.

Portugal non se detivo e continuaron as súas expedicións, seguindo a navegación de cabotaxe cara ao sur da costa africana. Logo de superar o cabo ____ , aínda pasaron o río Senegal e Cabo ____ .

As descubertas patrocinadas por don Henrique foron esenciais. Grazas a elas, Portugal estableceu asentamentos comerciais que foron a base para o seu ____ colonial.

17. Emparella cada termo da primeira columna co seu correspondente da segunda.

Consello de Indias

Representación real

Vicerreinatos

Sistema de explotación da terra

Audiencias

Administración local

Cabidos

Xestión do que tiña que ver con América

Encomenda

XuStiza

18. Escolle a palabra que mellor encaixe en cada caso:

- a. A familia Medici foron importantes .
- b. O humanismo alcanzou unha grande difusión grazas .
- c. Petrarca é considerado un dos primeiros .
- d. Copérnico fixo grandes achegas no campo da .
- e. Na obra *O Príncipe* desenvólvese a idea dun líder forte e foi escrita por .
- f. A imprenta foi inventada a mediados do século XV e atribúese a .

19. Arrastra cada feito ata o seu lugar correspondente nesta liña do tempo:



1.

3.

2.

4.

5.

Imprenta

Concilio de Trento

Acta de Supremacía

95 teses de Lutero

Biblia de Wycliffe

20. Indica se as seguintes afirmacións sobre os inicios das monarquías autoritarias son verdadeiras ou falsas:

A comezos da época moderna a monarquía impón o seu poder sobre a nobreza.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Os e as monarcas tenderon a trasladar a capital dunha cidade a outra en función do que fose máis útil para os seus intereses.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Os exércitos modernos nutriáanse de mesnadas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A monarquía é quen recruta, xestiona e financia os exércitos.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Xa dende finais da Idade Media introdúcense innovacións bélicas que encarecen as guerras.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Foi habitual que os primoxénitos das familias nobres acudisen á universidade para poder desempeñar postos na función pública.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A medida que a guerra se volve máis complexa tamén se encarece.

☐ Verdadeiro


☐ Falso

As monarquías pagaban cumpridamente os servizos dos seus soldados.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

- 21.** Os casamentos foron unha das opcións máis usadas como estratexia política dos reis para aumentar os seus territorios ou consolidar alianzas. Explica e xustifica esta idea a partir dos matrimonios que os Reis Católicos acordaron para a súa descendencia.



Reforza

22. Nesta [ligazón](#) podes ler sobre a chegada da varíola a América. Despois de ler o artigo, completa os enunciados escollendo a opción máis axeitada.

a. Varíola en náhuatl significa...

☐ ... gran pestilencia.

☐ ... lepra grande.

☐ ... febres.

b. A historiografía calcula que a varíola matou...

☐ ... entre 2,5 e 3 millóns de persoas.

☐ ... a metade da poboación.

☐ ... a unha de cada dúas persoas afectadas.

c. O síntoma máis característico da varíola...

☐ ... son as bochas que produce.

☐ ... é a febre.

☐ ... é o malestar intestinal.

d. A varíola foi especialmente virulenta entre...

☐ ... a poboación maior por ser máis débil.

☐ ... os nenos e as nenas.

☐ ... a poboación moza.

e. A enfermidade chegou a México a través de...

☐ ... indíxenas que debían apresar a Cortés.

☐ ... soldados españois portadores da enfermidade.

☐ ... mexicas infectados e infectadas.

f. A varíola...

☐ ... e as enfermidades foron a causa da derrota dos mexicas.

☐ ... foi unha das causas da derrota indíxena.

☐ ... apenas tivo influencia na derrota de Moctezuma.

23. Lembra o traballo de intelectuais humanistas. Quen che parece que escribiu cada texto? Xustifica a túa resposta fixándote nalgúns aspectos dos fragmentos.

A temperá educación liberal dos

nenos

“Andando o tempo sucederá que o neno, que comezou a amar as letras por afecto a quen llas ensinaba, cando xa non sinta a súa influencia amarás por si mesmas. (...) Debemos cuidar de que sexa mínimo o traballo e o desgaste. Isto lograrase se non se enche aos nenos nin de moita nin de farragosa doutrina, senón exclusivamente da mellor e da que se acomode á súa idade (...). Ademais, certa afabilidade nol método de ensinar fará que pareza un xogo e non unha penalidade.”

De revolutionibus orbium coelestium

“Xa demostramos que a Terra ten a forma dunha esfera e estimo que deberemos examinar se segue algún movementos e cal é o lugar que ocupa no universo, pois sen ambas cousas non sería posible descubrir a razón de certos movementos no ceo. Aínda que polo común os autores admiten que a Terra está en repouso no centro do mundo, ata o punto de xulgar insostible e mesmo ridículo o contrario, se consideramos o asunto máis atentamente veremos que esta cuestión non está resolta e, xa que logo, non debe de ningún xeito ser despreciada.”

O Príncipe


“Cando se trata de xulgar o interior dos homes, e principalmente o dos príncipes, como non se pode recorrer aos tribunais é preciso aterse aos resultados: así o que importa e superar todas as dificultades para manter a súa autoridade; e os medios, sexan os que sexan, parecerán sempre honrosos e non faltarán quen os alabe.”

Utopía

“Quixera que alguén se atrevese a comparar con esa xustiza a doutros países, onde morrería alguén antes de atopar o menor vestixio de xustiza e equidade. Porque, que clase de xustiza é a que permite que calquera aristócrata, banqueiro, financeiro (ou outro deses que non fan nada ou nada que teña gran valor para o ben público) leve unha vida folgada e succulenta (...) ao paso que o obreiro, o carreteiro, o braceiro e o labrego han de traballar tan dura e asiduamente como bestas de carga (...) soportando unha vida tan miserenta que parece mellor a dos burros (...)?”


Nueva filosofía

“Pois este é o favor que aquí che pido: que non xulgues este libro ata que teñas visto e entendido a súa xustiza, pasándoo e percibíndoo todo; entón pido o teu parecer e non antes. E suplico aos sabios médicos esperen con prudencia ao tempo, experiencia e suceso que declaran a vista de ollos a verdade. Ben coñezo que por terse deixado os antigos intacta e olvidada esta filosofía, e por terse quedado a verdade tan a trasmán, parece agora novidade ou desatino, sendo como é a verdadeira mellor e de máis froito para o home.



24. Responde ás seguintes cuestións sobre as reformas.

- a. Quen foi un dos primeiros en traducir a Biblia?
- b. Que corrente reformada se asentou rapidamente na área do Sacro Imperio?
- c. Que nome recibiron os calvinistas franceses?
- d. En que reino xurdiu o anglicanismo?
- e. Que relixión se mantivo na Europa Mediterránea?
- f. Onde naceu o calvinismo?
- g. En que cidade se celebrou o concilio polo que a Igrexa se reforzou nos seus postulados fronte ao protestantismo?
- h. Como se coñece a publicación da que se serviu a Contrarreforma para difundir as súas doutrinas?
- i. Como se denominan as doutrinas contrarias ao dogma católico?



25. Completa o seguinte texto cos termos correctos:

A comezos do século _____ na península ibérica existían cinco reinos: _____, Castela, Navarra, Aragón e _____. Esta realidade foi mudando ata que a comezos do século XVI só permanecían Portugal, Castela e Aragón.

Sabela de Castela e Fernando de Aragón pasaron á Historia como os _____ e son un bo exemplo do que foron as monarquías _____ de comezos da época moderna. Algunhas das súas características viñan xermolando dende a baixa Idade Media e teñen que ver co fortalecemento do poder real sobre a antiga _____ feudal, coa creación dun _____ permanente e coa organización de institucións de goberno e burocracias.

O matrimonio dos Reis Católicos non levou consigo a integración dos dous reinos, senón que foi unha unión _____. Isto quere dicir que eran monarcas dos dous reinos que mantiñan as súas particularidades e territorios.

26. Completa agora este fragmento que fala das políticas exercidas polos Reis Católicos coas palabras precisas:

En busca da unificación relixiosa, en _____ ditaron o decreto de _____ da poboación xudía, pola que estas persoas se querían permanecer nas súas casas debían _____. Aquelas que preferisen manter a súa fe, tiñan que abandonar o reino pero non podían levar consigo _____, prata ou xoias.

Ademais de no relixioso, tamén tiveron moito interese por ampliar os seus reinos. Aragón recuperou o _____ e a Cerdeña e mantivo os seus intereses arredor do mar _____. Pola súa banda, Castela incorporou as illas _____, Granada e Navarra. Porén, nada superaría a incorporación dos territorios americanos logo das viaxes de _____.

A nivel internacional tiveron moito interese en forxar alianzas con algúns

dos reinos máis importantes do momento a través dos _____ dos seus fillos e fillas.

27. Emparella cada termo coa súa definición:

Xermanías	Sistema de goberno organizado arredor de varios consellos.
Alpuxarras	Guerra castelá contra Carlos I.
Polisinodia	Revoltas urbanas contra Carlos I.
Terzos	Elección entre catolicismo e luteranismo nos principados alemáns.
Comunidades	Soldados de infantaría.
Paz Augsburgo	Zonas da montaña granadina onde os mouriscos se rebelaron contra Filipe II.

28. Repasa as [ideas de Lutero](#) completando o texto que atoparás no seguinte educaplay.

Amplía

29. Nesta unidade traballaches sobre distintas viaxes de exploración en diferentes momentos da época moderna. Unha das meirandes expedicións de exploración, que abriu camiño para tantas, foi a que comezaron Magalhães e arredor de 250 homes en 1519. Foi a primeira vez que se completou unha viaxe arredor da Terra.

Como pensas que era unha viaxe destas características no século XVI? Para responder a esta pregunta, imaxina que es unha das persoas que sobreviviu á viaxe e que llo queres explicar aos teus compañeiros e compañeiras. Debes organizar unha presentación na que recollas e sintetices a información do antes,

o durante e o despois da túa expedición. Esta táboa pode axudarche a organizar unha secuencia de traballo:

Antes de partir...	A travesía...	Á volta..
● Por que foi posible unha viaxe destas características? ● Que motivou unha expedición destas características? ● Como se preparou a viaxe? ● Quen foron os principais protagonistas?	● Canto durou? ● Como era a vida nun barco? ● Que ruta seguiu? Utilizando Google Maps, sinala os principais puntos nos que tocastes terra. Indica con que países actuais se corresponden.	● Cantas persoas completaron a viaxe? ● Que novos coñecementos trouxeron canda si? ● Que supuxo a nova ruta?

Podes comezar a túa investigación nas seguintes ligazóns:

- [A primeira volta ao mundo. Arts and culture](#)
- [V Centenario enlazar](#)
- [Os mapas e a primeira volta ao mundo. A expedición de Magalhães e Elcano](#)
- [A primeira volta ao mundo](#)

Glosario

Ano e vez

Técnica agrícola de rotación dos cultivos nos que se deixa descansar a terra un ano.

Astrolabio

Instrumento que permite orientarse a través da posición das estrelas.

Bandeirantes

Portugueses que partindo de São Paulo realizaban incursións cara ao interior do que hoxe é Brasil a partir do século XVI.

Barbeito

Cada unha das partes da parcela que permanecen sen cultivar para recuperar os nutrientes da terra.

Bula

Documento de interese xeral autorizado polo Papa.

Calpulli

Conxunto de familias de ascendencia común que formaban a división fundamental da sociedade azteca. Adoitaban especializarse nalgunha ocupación.

Circunnavegación

Navegación completa arredor dunha illa, un continente ou a Terra.

Compás

Aparello cunha agulla imantada que sinala o Norte.

Concilio

Reunión de bispos católicos para debater cuestións de dogma.

Gremio

Asociación medieval de artesáns dun mesmo oficio que regulaba os prezos, normas e procesos de produción, número de obradoiros, acceso ao oficio...

Guano

Fertilizante obtido da acumulación de excrementos de aves mariñas e morcegos.

Herexía

Doutrina contraria ao dogma católico.

Indulxencia

Perdón dos pecados que concede a igrexa católica.

Mecenas

Persoa adineirada que financia obras e investigacións de artistas, literatos ou literatas, científicos ou científicas...; é dicir, que as patrocina.

Mercenario

Soldado que loita a cambio dun beneficio económico.

Mesnada

Grupo de persoas armadas ao servizo dun rei ou señor.

Morgado

Patrimonio que herda o fillo ou a filla maior dunha familia. Dise tamén do fillo ou filla única.

Nepotismo

Práctica pola que se favorecía a familiares á hora de acadar cargos eclesiásticos.

Dortolano

Conxunto de cartas náuticas nas que se debuxan os portos dunha costa.

Sextante

Instrumento máis preciso que o astrolabio co que establecer a latitude medindo o ángulo entre dous puntos, normalmente un punto do horizonte e o Sol.

Soroche

Palabra inca coa que se coñece popularmente o mal da montaña, malestar producido pola falta de adaptación do organismo á altitude.

Tambo

Recinto utilizado na cultura inca como albergue para os chasquis (mensaxeiros) ou centro de acopio administrativo e militar. Adoitaban construírse á beira de camiños importantes.

Terzos

Unidades de infantería do exército en época dos Austria.

Xermanías

As xermanías foron revoltas de comerciantes e artesáns urbanos contra a nobreza na zona de Valencia e Baleares.

Ligazóns

AMÉRICA PRECOLOMBINA 1: Olmecas, Zapotecas y

Teotihuacán (Documental Historia México prehispánico)

<https://safeshare.tv/x/NEoCzeUMLho>

AMÉRICA PRECOLOMBINA 2: La Civilización Maya - Los Mayas - El calendario maya (Documental Historia)

<https://safeshare.tv/x/dSRHnIB278I>

AMÉRICA PRECOLOMBINA 3: Toltecas, Tarascos y los Aztecas o Mexicas (Documental Historia México)

https://safeshare.tv/x/6k_-f3gCSw0

Ligazón Astrolabio do século XVI ou XVII

<http://culturagalega.gal/noticia.php?id=32870>

Copia dixitalizada dun libro de Xeografía no século XV

<https://gallica.bnf.fr/ark:/12148/bpt6k52802c/f1.item>

Documento das capitulacións

<http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/show/5401002?nm>

James Cook

https://gl.wikipedia.org/wiki/James_Cook

Cartas náuticas

[https://bibliotecavirtual.defensa.gob.es/BVMDefensa/es/consulta/registro.do?](https://bibliotecavirtual.defensa.gob.es/BVMDefensa/es/consulta/registro.do?id=68283)

[id=68283](https://bibliotecavirtual.defensa.gob.es/BVMDefensa/es/consulta/registro.do?id=68283)

Pobo uro

<https://www.ngenespanol.com/traveler/los-uros-el-pueblo-flotante-del-lago-titicaca/>

Uros na actualidade

<https://safeshare.tv/x/hGyJE79EBeM>

Parodia da chegada de Colón a América

<https://safeshare.tv/x/mLRUK4HC0SU>

Querela das mulleres

https://gl.wikipedia.org/wiki/Querela_das_mulleres

Jonh Wycliffe

https://gl.wikipedia.org/wiki/John_Wycliffe

Martiño Lutero

https://gl.wikipedia.org/wiki/Marti%C3%B1o_Lutero

Xoán Calvino

https://gl.wikipedia.org/wiki/Jean_Calvin

Provincias Unidas

https://gl.wikipedia.org/wiki/Provincias_Unidas

Compañía de Xesús

https://gl.wikipedia.org/wiki/Compa%C3%B1%C3%ADa_de_Xes%C3%BAs

Noticias do Mundo Sefaradí

<https://esefarad.com/?p=70314>

Biblia Kennicott

https://gl.wikipedia.org/wiki/Biblia_Kennicott#Historia

Biblioteca Bodleian

<https://digital.bodleian.ox.ac.uk/objects/8c264b23-f6cc-4f18-98cf-9d75f7175b54/>

Xoana a Beltranexa

https://gl.wikipedia.org/wiki/Xoana_a_Beltranexa

Xoana a Tola

[https://gl.wikipedia.org/wiki/Xoana_I_de_Castela#Ra%C3%AD%C3%Bñ](https://gl.wikipedia.org/wiki/Xoana_I_de_Castela#Ra%C3%AD%C3%B1a_da_Coroa_de_Castela)
astela

Peticións dos Comuneiros de Castela na Xunta de Ávila

[https://humanitatescluny.files.wordpress.com/2020/02/textos-2c2ba-](https://humanitatescluny.files.wordpress.com/2020/02/textos-2c2ba-evaluac3b3n.pdf)
evaluac3b3n.pdf

Sofonisba Anguissola

https://gl.wikipedia.org/wiki/Sofonisba_Anguissola

Antonio Pérez

https://gl.wikipedia.org/wiki/Antonio_P%C3%A9rez_del_Hierro

Sir Francis Drake

https://gl.wikipedia.org/wiki/Francis_Drake

María Pita

https://gl.wikipedia.org/wiki/Mar%C3%ADA_Pita

Museo do Prado

<https://www.museodelprado.es/>

National Gallery

<https://www.nationalgallery.org.uk/>

Rijks Museum

<https://www.rijksmuseum.nl/en/rijksstudio?ii=0&p=0&from=2021-08-26T08%3A34%3A58.3710547Z>

Galería Uffizi

<https://www.uffizi.it/gli-uffizi/opere>

Vídeo as orixes do foro e o papel

<https://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-2-fillos-da-terra?t=32>

Créditos

© Netex Knowledge Factory S.A. 2021

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

Autores dos contidos: Félix Longueira Fafián, Xosé Antón García González, Darío Doval Blanco, Ana María Regueira e Rosalía Regueiro Méndez.

Asesora didáctica: Susana Vázquez Martínez.

Primeira edición: setembro de 2021.

ISBN: 978-84-18513-38-1